[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **24 de outubro de 2024, ás 10:05 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
José Alberto Pazos Couñago
Pablo Javier Prieto Perille
(en substitución de Noelia Pérez López)
Dona Cristina Sanz Arias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
José Manuel Golpe Acuña
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Conselleiro de Facenda e Administración Pública

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a Presidencia o vicepresidente.

Punto único.- Comparecencia do conselleiro de Facenda e Administración Pública e responsables das entidades instrumentais dependentes da Consellería
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
13638 (12/PL-000004)
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A Presidencia, logo de darlle a benvida ao conselleiro de Facenda e Administración Pública e aos membros do seu equipo que o acompañan, lembra o desenvolvemento da sesión que, consistirá nunha primeira intervención do comparecente por un tempo de entre 20 e 30 minutos; seguirá a dos representantes dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos cada un e, para contestarlles, o conselleiro contará cun tempo de 10 minutos; finalmente, os grupos parlamentarios disporán de 5 minutos cada un e o comparecente doutros 5 minutos para contestarlles e rematar a comparecencia

A continuación, o presidente en funcións concédelle a palabra ao **conselleiro de Facenda e Administración Pública**, **Miguel Corgos López-Prado,** quen procede a informar sobre os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes á súa consellería e aos organismos dela dependentes.

Deseguido, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra: o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** e as **señoras Mangana Espinosa, María Elena (S), Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG),** e **Sanz Arias, Cristina (P),** que formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións, a presidencia concédelle de novo a palabra ao **conselleiro de Facenda e Administración Pública**, **Miguel Corgos López-Prado,** quen contesta ás consideracións formuladas polos anteriores voceiro e voceiras.

A continuación ábrese unha segunda rolda para precisións por parte dos diferentes grupos parlamentarios, na que interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M), e** as **señoras Mangana Espinosa, María Elena (S), Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG),** e **Sanz Arias, Cristina (P).**

Finalmente, o **conselleiro de Facenda e Administración Pública**, **Miguel Corgos**

PARLAMENTO DE GALICIA

López-Prado, contesta ás cuestións expostas polos portavoces, e coa súa intervención péchase a comparecencia.

A Presidencia, logo de reiterarlle o seu agradecemento ao conselleiro e aos membros do equipo da Consellería que a acompañan, lémbralles ás súas señorías que a Comisión volverase reunir ás 12.30 horas, coa comparecencia do conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes.

Suspéndese a sesión ás 12:00 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal da sesión.)

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.11.05 16:53:18 +01'00'

Noa Dalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Manuel Santos Costa

Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.11.05 16:25:18 +01'00'

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, DO DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2024

Orzamentos 2025

(Comparecencia do conselleiro de Facenda e Administración Pública)

(Ábrese a sesión ás 10.05 horas).

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Bo día a todas e a todos.

Imos dar comezo a esta sesión da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, para comezar coa tramitación do Proxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2025 e as súas sesións informativas. Para o que contamos connosco e a quen lle damos xa a benvida ao señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, ao señor Corgos, e ao seu equipo. Agradecéndolles a súa presenza nesta Comisión.

E sen máis prégolle, por favor, ao secretario que lea a lista de membros da Comisión a efectos de quórum e substitucións.

O secretario (señor Santos Costa): Grazas. Bo día.

(O señor secretario le a relación de asistentes.)

Hai quórum, presidenta.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor secretario.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do Proxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2025

Recórdolles ás súas señorías que, conforme o establecido no artigo 78.2 do Regulamento da Cámara e os precedentes, o procedemento da tramitación desta sesión informativa desenvolverase, como é habitual, cunha primeira intervención de entre 20 e 30 minutos por parte do Goberno galego. Pasaremos a continuación a unha quenda dos grupos parlamentarios de 10 minutos cada un, unha nova quenda de contestación por parte do Goberno de 10 minutos; e, finalmente, unha réplica dos grupos de 5 minutos; e pechará a sesión informativa o señor conselleiro cunha quenda final de 5 minutos.

E sen máis, señor Corgos, agradecéndolle de novo a súa presenza nesta Comisión, ten vostede a palabra.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública (señor López-Prado): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, moi bo día a todos e todas.

PARLAMENTO DE GALICIA

Comparezo hoxe en comisión acompañado do meu equipo para dar conta do Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 25, así como das contas da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Señorías, presento hoxe na Cámara os que son os primeiros orzamentos da lexislatura, unhas contas deseñadas non só para o vindeiro ano, senón tamén para ir sentando as bases do futuro de todos os galegos e galegas e, de xeito moi especial, o dos nosos mozos e mozas.

Ademais, estamos a transitar cara á metade da nosa planificación estratéxica desta década, polo que os resultados que tiñamos no ano 25, sumados aos que xa coñecemos de anos anteriores, serviranos para optimizar as nosas liñas estratéxicas para a Galicia do ano 30. E podo dicir con satisfacción un ano máis que, pese ás dificultades que supoñen que o Goberno central non teña nin tan sequera unha senda fiscal aprobada polo Parlamento, o Goberno galego entregou en tempo e forma o seu Proxecto de orzamentos, o principal instrumento que ten un Goberno para desenvolver o seu proxecto político cada ano.

Presentamos as contas do ano 25 con rigor e con prudencia, tendo presente que non é o mesmo ter orzamentos que non a vostede. Neste momento é moi importante achegar certezas ás familias e ás empresas, e este orzamento penso que contribúe a iso.

E tamén é esencial garantir que tras a tramitación parlamentaria e o traballo das súas señorías, os orzamentos poidan entrar en vigor o vindeiro 1 de xaneiro, para que estas medidas incluídas nas contas se poidan implantar dende o primeiro día. Isto que semella tan normal —e que afortunadamente en Galicia o é— non o é noutras partes do estado, nin tan sequera no propio Goberno central, principalmente. De feito, este sinal de normalidade contrasta coa situación —como dicía— do Goberno de España, que este ano renunciou xa no mes de marzo á súa obriga constitucional de presentar os orzamentos; e que, avanzado o mes de outubro, nin sequera ten —insisto— unha senda fiscal aprobada polo Parlamento con datos fundamentais para elaborar os orzamentos das comunidades autónomas.

Señorías, comezando polo escenario financeiro no que se enmarcan estas contas, quixera salientar que para o ano 25 elaboramos de novo un cadro macroeconómico prudente, tal como foi o de anos anteriores, o que nos permite unha vez máis revisar á alza as nosas previsións económicas, tanto para este ano como para o vindeiro. Por tanto, se pecan de algo as nosas estimacións macroeconómicas é de ser prudentes, a nosa previsión é revisar á alza e é que o PIB galego medre este ano ata un 2,3 %, e que o vindeiro o faga ata un 2,1 %, nunha liña de moderación do crecemento que é equiparable á do resto das economías europeas.

Señorías, son xa tres anos consecutivos —22, 23 e 24— os que melloramos as previsións iniciais. E, de feito, o crecemento acumulado de Galicia é máis robusto que o de España nos últimos catro anos logo da pandemia. En relación ao último trimestre do

ano 19, o crecemento da nosa comunidade ata o segundo trimestre deste ano é 6,3 puntos maior que antes da pandemia —que é a finais do ano 19—; fronte ao avance de 4,7 puntos da media nacional. Logo de que nos últimos exercicios o crecemento tivera un maior peso a demanda externa, para o vindeiro ano o crecemento estará sustentado en boa parte pola demanda interna, aínda que o sector exterior tamén seguirá forte. Para o ano 25, a decidida aposta do Goberno galego polo investimento, unida á recuperación do investimento privado, propiciará unha suba do 2,5 % da formación bruta de capital.

Outra mellora significativa para o vindeiro ano virá do incremento do consumo ao final das familias, que prevemos aumente 1,3 % pola moderación de inflación, pola mellora dos salarios nos convenios colectivos e pola baixa dos tipos de xuro. E esta recuperación da demanda interna coincidirá cunhas exportacións que seguirán a medrar a un bo ritmo, cun crecemento para o ano 25 estimado nun 4,3 %. De feito, nos últimos anos Galicia está a consolidar o seu mellor ciclo exportador, superando os 30.000 millóns de euros ao ano de vendas ao exterior. Galicia é hoxe un territorio máis aberto e competitivo, con cada vez máis a empresas que venden en máis mercados foráneos.

En canto ao mercado laboral, sempre con prudencia, temos que tamén confirmar unha boa tendencia que nos anima a seguir por este camiño. Así, os datos da baixada de paro rexistrados son moi positivos e mellores que a media nacional, tanto dende antes da pandemia como no último ano. Con esta evolución estamos na cifra máis baixa de parados dun mes de setembro de toda a serie histórica dende o ano 96. E isto podémolo trasladar á creación de emprego pois estamos nos datos de afiliación máis altos dende hai 15 anos, chegando no mes de setembro a 1.086.000 traballadores afiliados, cun crecemento sostido nos últimos catro anos. E se temos en conta a evolución da taxa media de paro, vemos que segue unha senda descendente dende o ano 20 tamén, cando estaba no 12 %, situouse por debaixo do 10 % xa no 2023, por primeira vez en 15 anos; e consolidarase por debaixo dos dous díxitos este ano e o vindeiro, achegándose ao 9 % —en concreto ao 9,4 %— a peches deste exercicio, de desemprego medio, e ao 9,1 % no ano 25. O máis importante é que a boa evolución tanto de crecemento da economía galega como do comportamento do mercado laboral e que están a ser continuados no tempo, encadeando cinco anos de crecemento sostido e de creación de emprego.

Señorías, ¿que está facendo o Goberno galego para contribuír a este crecemento sostido? Na miña opinión, contar cun modelo orzamentario consolidado e que está baseado en tres piares. En primeiro lugar, na compatibilidade entre o reforzo dos servizos públicos e un modelo fiscal competitivo; cada ano con máis recursos para sanidade, educación e políticas sociais, e con algún novo alivio fiscal. Na mellora continuada do investimento produtivo, cunhas contas robustas que nos permiten dedicar máis recursos aos capítulos VII e VI. E na sustentabilidade das finanzas, sen ter que depender do endebedamento, mellorando a nosa solvencia con recursos propios e baixando ano a ano a nosa ratio débeda PIB.

Ademais, esta boa evolución do crecemento vese corroborada en que Galicia segue ano a ano a mellorar a súa converxencia cunha tendencia mellor que a media, a nosa

estimación para o ano 23 é situarnos a 93,4 % da media española, a máxima converxencia histórica da nosa comunidade autónoma. E esta previsión é coherente coa planificación, e vai na progresión axeitada para poder achegarnos á plena converxencia no horizonte do ano 2030.

Outro aspecto positivo é que a evolución do IPC neste intre, tras dous anos de forte crecemento dos prezos —como saben— marca as taxas máis baixas dos últimos tres anos. Ademais, en Galicia xa estamos nunha evolución interanual menor que a nacional: en setembro Galicia, o 1,3 %, e, en España, o 1,5 %. E, aínda que poida subir un pouco cara a finais do exercicio, prevemos pechar cunha media do ano na contorna do 3 %, unha cifra tres veces inferior á de hai dous anos. E agardamos que esta boa tendencia continúe para o vindeiro ano e que a evolución dos prezos siga a moderarse con previsións dun IPF do 2,3 % de taxa media.

Señorías, antes de analizar os ingresos e gastos do proxecto de orzamentos para o ano 25, quixera referirme a unha das fortalezas de Galicia que, sen dúbida, contribúe á solvencia e sustentabilidade das nosas contas. Seguro que non lles sorprende que poña en valor a estabilidade política e institucional porque sempre o facemos e creo que é preciso reiteralo porque esta estabilidade política e institucional favorece unha estabilidade financeira. Nos últimos 15 anos Galicia converteuse na referencia de España no control do déficit público e do endebedamento responsable. No último ano pechado, o ano 23, o déficit público en Galicia foi nove veces inferior á media das comunidades autónomas, o 0,1 % do PIB fronte ao 0,9 % de media, executando o 100 % do orzamento inicial. E Galicia é a comunidade que menos incrementou a súa débeda dende o ano 2009.

Señorías, o traballo realizado por Galicia durante moito tempo ten permitido blindar a solvencia e a sustentabilidade das contas públicas, e o máis importante para a cidadanía é que está sendo de control continuado do tempo tennos permitiu equilibrar as contas sen facer ningún axuste e sen afectar as políticas de gasto e de investimentos. Por iso, para o ano 25 podemos presentar uns orzamentos en equilibrio por segundo ano consecutivo, polo que non endebedaremos adicionalmente aos galegos. Deste xeito, todo o crecemento dos recursos do vindeiro ano vai servir para reforzar os servizos públicos e o investimento, e podemos presentar uns orzamentos que cómpren coas regras fiscais, reforzando a solvencia de Galicia a curto e medio prazo.

Señorías, permítanme lembrar de maneira breve cal é o noso modelo de endebedamento responsable. A primeira premisa é que calquera uso do recurso ao endebedamento debe ser controlado e limitado, e con esta convicción mantemos a prudencia nos momentos expansivos da economía para dispor dun colchón fiscal nos intres de crise económica. E este modelo está sustentado en resultados, como que Galicia pasou de estar no ano 2008 entre as máis endebedadas por riba da media, en ratio débeda PIB, a estar agora mesmo entre as menores endebedadas e cun diferencial positivo de seis puntos: Galicia, o 15,7 % do PIB, e, en total as comunidades autónomas, o 21,7 % a finais do ano 23.

Ou que hoxe cada galego debe 2.215 euros menos que a media, 4.496 euros fronte aos 6.711 euros de media de cada español. Por iso, podemos afirmar que Galicia hoxe non ten un problema de débeda, estamos na ratio débeda PIB máis baixa en máis dunha década e seguirá a baixar. Galicia estará en condicións de chegar sen realizar ningún esforzo nas políticas de gasto a finais de 2027 ao 13 %, antes das previsións recollidas no Plan estratéxico de Galicia e cumprindo coa asignación ás comunidades autónomas do obxectivo de débeda certificado no Pacto de estabilidade de crecemento.

Consideramos que este esforzo colectivo continuado por parte das galegas e dos galegos non debe ser dilapidado asumindo solucións ideadas á carta para outros territorios. Por tanto, quero reafirmar na Cámara a nosa posición de que aceptar una condonación da débeda, tal e como está pactada para Cataluña, nin é prioritario para a nosa comunidade autónoma nin sería vantaxoso porque non achegaría máis capacidade de gasto nin suporía un menor endebedamento global. Para nós a prioridade é mellorar o financiamento, máxime cando as comunidades autónomas, polo xeral, e Galicia, en particular, non se están a beneficiar do mesmo xeito que a Administración central na recadación á alza dos tributos cedidos. Explicareino con cifras: entre os anos 2008 e 2023, a recadación total dos impostos cedidos ás comunidades autónomas incrementouse nun 61,5 %, 85.400 millóns de euros; mentres que os recursos do modelo transferido ás comunidades autónomas medraron unicamente un 43,6 %, 40.800 millóns de euros —o 43,6 % fronte a un 61,5 % de recadación xeral do IRPF, IVE e impostos especiais—. E aínda peor, os recursos para Galicia aínda foron menores, medraron un 28,1 %. Non é equitativo nin é o acordado. E por iso dende o Goberno galego demandamos un mellor e maior financiamento autonómico. De feito, a realidade é que cada ano o actual sistema de financiamento autonómico que achega a preto do 80 % recursos totais dos ingresos afonda na insuficiencia dos recursos para financiar os servizos públicos fundamentais.

Señorías, se analizamos os ingresos, o primeiro dato salientable é que para o ano 25 os ingresos financeiros soben un 2,5 %, superando os 14.000 millóns de euros —14.025 millóns de euros, exactamente—, a cifra máis elevada de sempre. E isto é posible porque melloran as previsións de recadación das principais figuras tributarias que financian a nosa comunidade autónoma: o IRPF, mellora polo dinamismo do mercado laboral; o imposto de transmisións patrimoniais, pola evolución positiva do mercado inmobiliario; e ademais os impostos indirectos e as transferencias correntes experimentan unha evolución á baixa, pero é pola extraordinaria liquidación recibida neste ano 24. Porén, no IVE a estimación de pagos á conta para o vindeiro ano —o ano 25— sobe en 230 millóns de euros, un 9 %, o que confirma a nosa previsión dunha recuperación do consumo; pola súa banda, as transferencias de capital caen porque as achegas do Estado apenas medran, e hai unha menor achega de fondos europeos.

A boa noticia na orixe do financiamento do orzamento para o 25 é que o seu crecemento está sustentado no incremento dos recursos propios, estes medran 384 millóns de euros. E, pola contra, o que podemos definir como financiamento alleo, os fondos finalistas do Estado, os fondos, os fondos europeos e os fondos Next Generation, baixan en 38

millóns de euros. De feito, o financiamento ordinario sobe un 2,9 %, por riba do incremento medio; e baixa o correspondente —como dicía— ao mecanismo de recuperación e resiliencia, nun 4 %, na medida en que cada vez temos unha maior execución destes recursos e non haberá recursos adicionais. En concreto, no mecanismo de recuperación e resiliencia o importe asignado actualmente á comunidade autónoma ascenden a máis de 1.500 millóns de euros; tendo en conta que xa temos adxudicados 1.055 millóns de euros, no orzamento do 25 recollemos o que nos queda practicamente, unha cantidade próxima aos 500 millóns de euros para rematar entre o 25 e o 26 os proxectos financiados con este fondo.

Que o crecemento do orzamento para o vindeiro ano estea sustentado no incremento dos recursos propios supón unha fortaleza na sustentabilidade das finanzas públicas e do seu saldo estrutural.

Señorías, permítanme tamén explicar en que baseamos o noso sistema fiscal que analizamos en cada orzamento para decidir que medidas e con que alcance e tomamos as medidas fiscais para o vindeiro exercicio. Ten tres características principais: é un modelo propio, dende o Goberno galego cremos na autonomía fiscal e exercémola; é un modelo responsable, fai compatible a rebaixa da presión fiscal co reforzo dos servizos públicos; e é un modelo sostible, consolidámolo no tempo co medidas axeitadas á conxuntura económica. A consecuencia é que permite que Galicia sexa un territorio fiscalmente competitivo, cuns colectivos prioritarios á hora de tomar as nosas decisións de política fiscal. As rendas medias e baixas, os menores de 36 anos, as familias numerosas, e os colectivos vulnerables, son colectivos prioritarios para nós; e tamén complementámolo con medidas que buscan favorecer os sectores estratéxicos da nosa economía.

Como as principais novidades en materia fiscal para o ano 25 incluímos, por unha banda, unha nova rebaixa no imposto de sucesións. Galicia xa é a comunidade autónoma cun mellor tratamento fiscal para as herdanzas entre familiares directos; a partires do ano 25 queremos estar entre as mellores para as herdanzas entre parentes, o chamado grupo 3 do antedito imposto. Por iso, aprobamos unha nova redución deste imposto para que os primeiros 25.000 euros entre irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras non paguen nada; e as herdanzas de superior contía paguen menos por esta redución. Dous de cada tres destes herdeiros non tributarán.

E, por outro lado, incluímos un paquete de medidas fiscais para reforzar a nosa aposta pola vivenda. Ampliamos os tipos reducidos do imposto de transmisións patrimoniais que van dun abano —como saben— dende o 7 % ao 0 % aos que merquen locais comerciais para dedicalos á vivenda, ata o de agora todos pagaban o tipo xeral do 8 %.

Esta mesma medida reforza as rebaixa xa en vigor de tipos reducidos para a compra de vivenda para rehabilitación que, como saben, está rebaixada do tipo xeral a un 6 % en transmisións patrimoniais; e que pode chegar ao 4 % en zonas pouco poboadas.

Ademais, bonificamos o 75 % de actos xurídicos documentados para adquirir, construír e rehabilitar edificios de vivendas dedicadas ao aluguer, co único fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro. E ampliamos o ámbito de aplicación doutros beneficios fiscais neste imposto de transmisións patrimoniais para rebaixar o custo de promover vivenda pública polos organismos públicos, en concreto, polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, de feito que poidan saír ou adxudicarse estes inmobles a prezos máis competitivos a quen os precisa.

Mantemos todas as rebaixas fiscais xa en vigor, que só na pasada lexislatura aforraron 1.300 millóns de euros a galegas e galegos. O 98,2 % desas remisas fiscais corresponden a medidas dirixidas ás rendas medias e baixas. Ademais destas rebaixas tributarias, para o ano 25 a Xunta de Galicia aumentará o volume de beneficios fiscais ata os 751 millóns de euros, 65 millóns de euros máis que este ano e 279 millóns de euros máis que hai tres anos.

Por cuestión de tempo, non vou reiterar todas as medidas xa en vigor, pero si quero subliñar que Galicia xa foi, hai dous anos —hai dous cursos exactamente, porque imos falar de escolas— a primeira comunidade autónoma en ofertar escolas infantís e gratuítas de 0 a 3 anos, medida que consolidamos cun aforro medio anual para as familias superior aos 2.000 euros. E desde este curso, Galicia tamén é a primeira comunidade autónoma con matrícula gratuíta nas universidades, un aforro medio de 3.000 euros ao longo da carreira.

Señorías, pasemos agora a analizar gastos orzamentarios. O primeiro que teño que lembrar é que o Goberno central non actualizou ata o pasado mes de setembro as entregas á conta do sistema de financiamento correspondentes ao orzamento de 2024, o que ocasionou un gasto financeiro adicional de 10 millóns de euros. E ademais tivemos que homoxeneizar as contas en relación ao orzamento inicial que aprobamos para este exercicio precisamente nas contías definitivas do sistema de financiamento autonómico e na nova estrutura saída das últimas eleccións autonómicas.

O orzamento para o ano 25 ascende ata os 13.954 millóns de euros, polo que contaremos coa maior capacidade de gasto da nosa historia, tendo en conta que será o último ano completo para a execución do mecanismo de recuperación e resiliencia —como xa dixen—. Esta contía é un 2,6 % superior á do actual orzamento homoxeneizando, 354 millóns de euros máis.

Señorías, en cinco años aumentamos o orzamento un 37 %, de 10.149 millóns de euros a 13.954 millóns de euros, o supón unha media de incremento anual superior ao 7 %; e isto débese fundamentalmente aos recursos extraordinarios habilitados pola pandemia e á maior recadación dos tributos propios e cedidos. Ademais —como xa dixen—, temos dúas fortalezas, tanto o orzamento vixente do ano 24 como o do vindeiro 25 medran sen ter que recorrer ao endebedamento, e os aumentos destes dous anos están fundamentados nos recursos ordinarios. Vexamos a evolución por capítulos.

O capítulo I medra un 5,1 %, con máis de 5.100 millóns de euros de euros para persoal; en concreto, 5.146 millóns de euros, o maior gasto da historia para consolidar as subas en vigor, habilitar un fondo retributivo que recolla a actualización salarial que aprobe a Administración xeral do Estado para os empregados públicos, cumprir os acordos retributivos autonómicos pactados, e dotar de máis prazas en diferentes eidos dos servizos públicos como o sanitario, o docente, o eido da dependencia, os bombeiros forestais ou a xustiza.

O capítulo II sobe un 3,5 % para, fundamentalmente, reforzar a atención hospitalaria, a dependencia e o funcionamento da Administración para prestar os servizos públicos.

O capítulo III tamén medra, pero en valores absolutos é o que menos o fai, apenas 14 millóns de euros; pero o máis importante é que tan só representa o 1,5 % do gasto non financeiro. Para que se entenda a mellor, por cada 100 euros de gasto tan só temos que dedicar 1,5 euros ao pago dos xuros. De feito, nos actuais orzamentos Galicia é a cuarta comunidade autónoma cun menor porcentaxe que dedica o pago de xuros en relación ao gasto non financeiro, tan só un 1,4 %; mentres que o Estado central multiplica esta porcentaxe case por 10, ata o 12,9 %.

No capítulo IV os orzamentos experimentan unha suba do 5,6 % para potenciar o apoio ás familias con iniciativas como a consolidación das medidas de conciliación, matrículas gratuítas na universidade e Garderías, ademais de reforzar o financiamento incondicionado aos concellos.

Os capítulos VI e VII volven medrar por riba da media e aumentan en conxunto un 5,7 % logo da lexislatura na que fixemos o maior esforzo da historia en investimentos —máis de 10.500 millóns de euros— volvemos reforzar os gastos de capital ata un total de 2.978 millóns de euros.

Nunca o Goberno galego investiu tanto nun só ano como fará no ano 25, e iso que xa no período do 19-24 somos a comunidade autónoma cun maior esforzo investidor. Ademais, o rescate das autovías con peaxe na sombra permite xerar capacidade orzamentaria por importe de 50 millóns de euros para as novas actuacións en infraestruturas.

Señorías, non vou facer un relatorio de partidas de gastos concretos, porque a partir de hoxe terán a oportunidade de debater con diferentes conselleiros e conselleiras os orzamentos de cada departamento autonómico, pero si que me gustaríame salientar que para o ano 25 temos grandes prioridades que van na liña do que nos comprometemos cos galegos e coas galegas.

O gasto social por primeira vez superará os 10.000 millóns de euros, cun incremento de case 500 millóns de euros nun só ano, en total, 10.267 millóns de euros; isto supón que 3 de cada 4 euros de orzamento irán para sanidade, educación, políticas sociais e emprego. Para poñer en contexto este esforzo continuado, a contía reservada para gasto

social no ano 25 supera en case 2.500 millóns de euros, un 34 % máis, á de hai cinco anos, era o orzamento total de política social durante dous anos.

O impulso da vivenda é a grande aposta desta lexislatura e no primeiro orzamento que aprobamos cumprimos, pois aumentamos 55 millóns de euros os recursos dedicados a este eido ata 221 millóns de euros, e ademais nas medidas de incentivo fiscal —ás que xa me referín— triplicamos o orzamento para solo residencial e construción de vivendas públicas ata os 126 millóns de euros. E reservarase para os mozos ata o 25 % das novas vivendas en venda e ata o 40 % das vivendas en alugueiro, e completamos este apoio á xuventude con axuda á emancipación para gastos asociados a vivenda.

Tamén apostamos polo esforzo e polo reforzo ao sector produtivo con 1.556 millóns de euros, 42 millóns de euros máis. Como digo, terán a ocasión de debater todas as medidas sectoriais para favorecer os sectores produtivos pero, por citar algunhas: solo empresarial de balde durante os primeiros 8 anos, Fundación Ciencia para captar e reter talento para o ecosistema de innovación de Galicia, impulsar un turismo sostible e reforzando a desestacionalización e o reequilibrio territorial, ou o reforzo do apoio ao sector primario.

Para ir concluíndo, quixera facer unha breve exposición sobre os orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública que, como saben, non somos de por si unha consellería de gasto, pero o bo funcionamento da nosa consellería posibilita o bo funcionamento do conxunto da Administración autonómica.

En materia de persoal, apostamos por una función pública motivada e ben formada, unha vez que xa estamos na fase final do proceso de estabilización que concluirá este mesmo ano e que beneficiará a máis de 5.500 empregados públicos, e logo teremos que acometer o reto dunha importante substitución xeracional. Para iso, o vindeiro ano aprobaremos o Plan estratéxico de recursos humanos que, por unha banda, permitirá mellorar a transparencia e previsibilidade das ofertas de emprego público e dos procesos selectivos; e, por outra, simplificar o sistema de acceso, acurtar a súa duración e adaptar os procesos ás novas habilidades e capacidades requiridas no servizo público. Tamén automatizaremos os concursos de méritos para axilizalos e resolvelos no prazo dun ano. En planificación —tal e como avancei—, os resultados que obteñamos no ano 25 nos indicadores do Plan estratéxico de Galicia 2030, sumados aos que xa coñecemos de anos anteriores, permitiranos facer unha avaliación intermedia do plan para comprobar como están a evolucionar; e, desta forma, reforzar ou reorientar, segundo caso, cada un dos mesmos para encarar con éxito os retos para a segunda metade da presente década.

En materia de fondos europeos, queremos seguir a optimizar a súa xestión para maximizar estes recursos tan importantes para a nosa comunidade autónoma. En concreto, o vindeiro ano seguiremos a impulsar ao máximo a execución do mecanismo de recuperación e resiliencia para totalmente rematar a súa execución a mediados do ano 26.

Reprogramaremos os programas operativos do período 21-27 para adaptalos ao novo Regulamento STEP. Contamos con 1.500 millóns de euros da política de cohesión ata o 2029, o 9 % do total nacional. Este ano xa temos comprometido ao 20 % destes recursos do novo marco, e para o ano 25 esperamos e debemos chegar a un 40-50 % de compromisos. E tamén estamos traballando en sentar as bases para o novo período plurianual, para o novo marco orzamentario plurianual da Unión Europea, demandando unha maior xestión dos fondos europeos para Galicia.

No eido da simplificación administrativa, continuaremos a impulsar os procedementos proactivos. O obxectivo é, a partir do coñecemento dos datos das persoas usuarias dos servizos públicos, ampliar a oferta de xeito proactivo de servizos personalizados asustados ao perfil e circunstancias de cada usuario, adiantándose ás súas necesidades e facilitando o acceso aos servizos públicos. Esta medida púxose en marcha en 12 servizos públicos correspondentes con políticas estratéxicas do Goberno galego, por exemplo, en actuacións de apoio á natalidade, ao sector gandeiro ou vinícola; xa as temos en marcha para 131.088 potenciais usuarios, e prevemos incrementalos noutros 350.000 usuarios. Estamos convencidos de que con ese ofrecemento afondamos unha Administración máis sinxela e próxima para a cidadanía.

En canto á contratación pública, unificaremos criterios nunha guía de boas prácticas que deseñará criterios de selección nas licitacións autonómicas para a discriminación positiva de produtos sustentables ou o uso da madeira nas construcións ou dos produtos de proximidade nos comedores dos centros públicos.

En materia de patrimonio, afondaremos no plan de reducir aínda máis o importe que se paga en concepto de arrendamentos por parte da Xunta de Galicia, intentando ao tempo maximizar a ocupación dos edificios en réxime de propiedade. De feito, hai 15 anos gastabamos ao ano máis de 7 millóns de euros e agora este importe está por debaixo dos 3 millóns de euros, unha rebaixa moi substancial, e queremos seguir a baixar. Por iso, nesta lexislatura xa estará operativo o novo edificio administrativo de San Caetano, o que permitirá afondar neste aforro de alugueiros e dar mellor servizo aos cidadáns.

Por parte da Atriga, culminarase a absorción das oficinas de recadación, polo que se finalizará coa externalización deste servizo, e pecharase o circuíto da recadación integramente na Administración autonómica por primeira vez na historia da comunidade autónoma.

Por outra banda, dende a Amtega afondaremos no desenvolvemento da intelixencia artificial para consolidar a Galicia como un referente neste eido, precisamente o director da Amtega está hoxe e mañá en Finlandia invitado polo Comité Europeo das Rexións por ser a primeira sesión europea en desenvolver unha lei específica neste eido. Ademais, investiremos na promoción dunha factoría de intelixencia artificial en Galicia, á que uniremos a potencialidade da intelixencia artificial, a capacidade cuántica do Cesga e os datos que manexa a Administración. Para que, unha vez garantida a protección e confidencialidade dos mesmos, seremos unha fonte da información e

recursos para o ecosistema de investigación e o tecido produtivo, co fin de desenvolver produtos e servizos que beneficien á cidadanía e melloren os servizos prestados pola Administración.

En materia de Administración e Goberno dixital, desenvolveremos a nova sede electrónica da Xunta de Galicia máis accesible e ampliando os servizos a dispor no móbil. E tamén aceleramos a construción do Centro de Excelencia de Ciberseguridade Galicia en Ourense, para contribuír a fortalecemento da ciberseguridade na contorna da Administración pública da cidadanía e das empresas, apoiar a innovación no sector produtivo e impulsar o desenvolvemento de talentos especializado neste eido.

En resumo e xa para rematar. Remato xa, señorías, reiterando que para o ano 25 contaremos coa cifra de orzamentos máis alta da historia, 13.954 millóns de euros, un 2,6 % superior á deste ano; e, por segundo ano consecutivo, sen endebedamento e esgotando o teito de gasto. Uns recursos que empregaremos para consolidar o crecemento económico; impulsar a vivenda como gran prioridade das lexislatura, reforzar e modernizar os servizos públicos, financiando o primeiro curso gratuíto dende a gardería á universidade, favorecer un tecido industrial produtivo e sostible; reforzar a aposta pola innovación e por reter e captar talento, promover e transformación dixital cun sector e un ecosistema xa maduros, apostar por unha transición ecolóxica na que a riqueza natural de Galicia reverta na comunidade; e apoiar a outras administracións como Xustiza, Universidades e a Administración local, especialmente.

Moitas grazas e máis nada.

O **vicepresidente da Comisión**, (**en funcións de presidente) (señor Trenor López**): Moitísimas grazas, señor conselleiro.

É agora a quenda dos diferentes grupos parlamentarios.

Empezando polo Grupo Parlamentario Mixto —lémbrolles que teñen 10 minutos cada un—, ten a palabra o señor Ojea Bouzo.

O **señor Ojea Bouzo (M)**: Grazas, presidente.

Agradecer tamén ao conselleiro a súa presenza nesta comparecencia.

Conselleiro de conselleiros, podiamos dicir, a súa consellería e a consellería das consellerías, dalgunha maneira tamén o dixo el dicindo que non era unha consellería de gasto, pero que era a que dalgunha maneira coordina o resto das consellerías.

E a idea básica —como todos vostedes saben— que trouxo o noso partido aquí é a da defensa dos intereses da provincia de Ourense, na loita contra o que con boa xustificación levamos entendendo discriminación desa provincia en relación coas outras tres —como todos vostedes saben—.

Pensei que ía rematar a súa intervención sen nomear nin unha soa vez a Ourense pero, bueno, aí cara ao final nomeando ese Centro de Ciberseguridade da Tecnópole, polo menos salvou ese escollo e xa non llo podo criticar. Pero si lle vou criticar os grandes números, que son os que lle atinxen a vostede, porque despois xa iremos analizando polo miúdo os aspectos discriminatorios coa provincia de Ourense nos aspectos concretos de deportes, universidades, etcétera.

Pero nos grandes números é un feito que a provincia de Ourense recibe a menor cantidade de investimento da Xunta de Galicia para o ano 2025, en concreto, 1.749 millóns de euros; cando, por exemplo, A Coruña recibe 4.999. A ver, desde logo, entre as catro provincias, algunha delas sempre tería que ser a que reciba menos; pero, claro, a cuestión está en se as ordes de magnitude son máis ou menos similares ou se hai diferenzas significativas. Pois mire, se divide 4.999 millóns de euros que recibe A Coruña entre os 1.749 millóns de euros, dálle 2,85; ou sexa, a provincia da Coruña recibe tres veces máis que a provincia de Ourense.

Pero o curioso é que recibe quen xa ten máis, porque o número de infraestruturas, o número de servizos, o número de organismos de todo tipo, entidades, etcétera, da provincia da Coruña xa supera con moito —con moitísimo— ás que ten a provincia de Ourense. A min isto recórdame aquela famosa frase do Evanxeo que dicía: «a que a quen ten, daráselle; e a quen non ten, aínda o que ten lle será quitado» —que dicía o Evanxeo—. Pois aquí vénseme á cabeza iso, ou sexa, precisamente a provincia que menos ten é a que menos leva.

Pontevedra, leva 4.077 millóns de euros, que é máis do dobre do que recibe a provincia de Ourense. Lugo recibe —si, aí si que podemos dicir que está na orde de magnitude— 1.892 millóns de euros; claro, está na orde de magnitude 2 millóns de euros, pero a diferenza seguen sendo 143 millóns de euros, que é máis do presuposto, por exemplo, da Deputación de Ourense. Ou sexa que, aínda que digamos que si que se asemella máis a cifra aínda, nos efectos prácticos aínda é significativo.

Entón, vostede falou de converxencia —fala moito de converxencia—, pero con estas cifras dificilmente a provincia de Ourense converxerá ou gañará unha especie de homoxeneidade con relación especialmente ás provincias da Coruña e de Pontevedra en relación aos servizos, infraestruturas, etcétera.

Tamén falou de estabilidade, e a min fíxome pensar que vostedes se manteñen estables nesa permanente... —digamos— dicía eu unha vez que teñen unha especie de punto cego con relación á provincia de Ourense, non sei se é porque non ten mar. Xa digo, que todas estas consideracións de tipo xeral pois irémolas particularizando no resto de comparecencias e —como vostede dixo— farano o resto dos conselleiros para analizar as súas áreas máis polo miúdo. Pero, efectivamente, nos grandes números e na consideración xeral é pouco indiscutible que isto é así porque estamos falando de

números. E, como dicía aquel señor, Lord Kelvin, todo aquilo que se exprese en números é fácil de entender.

Ben, gran parte desta información que nos deu, unha parte significativa xa a coñeciamos incluso antes de que se nos presentasen oficialmente os orzamentos porque lle levan dando á prensa xa moita desa información. Desde logo que a prensa non é o DOG nin o BOE, pero resulta curioso que nos teñamos que enterar pola prensa, ao mellor xa de hai unha semana, non da totalidade, pero si de boa parte da información que xa nos deu. Entón eu, particularmente, pediríalle que no sucesivo pois en vez de enterarnos pola prensa de moitas cousas que nos volveu dicir hoxe —que, xa digo, a prensa non é o DOG e pode ser que sempre teñan erros de transcrición, sempre se sabe que cando a información pasa dun sitio a outro en cada transferencia pérdese algo—; pero, xa digo, se puidéramos coñecer estas cousas antes de enterarnos pola prensa moito mellor.

Gran parte do seu discurso foi o que eu chamo un discurso centrífugo. Falou de Madrid, estableceu comparativas co Goberno de Madrid; e falou, efectivamente, desa cuestión candente da financiación autonómica, etcétera. Non estou dicindo que iso estea mal, efectivamente, é parte do discurso, pero gustaríame tamén que se centrase nalgún momento na cuestión centrípeta; e cando falo centrípeta quero dicir á cuestión interna, especialmente para a provincia, concretamente, de Ourense, que todos vostedes saben cal é a razón de que eu estea aquí; un partido non convencional, un partido que entra por primeira vez no Parlamento e rompendo —digamos— esa hexemoneidade dos tres partidos convencionais, e iso tamén recórdolles que merece unha lectura pola súa parte; se eu estou aquí representando os intereses dunha provincia concreta, pois é que algún erro cometerían no pasado, e se se manteñen nesta perspectiva de deixar a Ourense sempre coa mínima cantidade de investimentos, pois, moi probablemente nas seguintes eleccións autonómicas ao mellor os resultados son bastante máis favorables para nós. E estou seguro de que me entende o que lle quero dicir.

E, bueno, pouco máis vou dicir porque, efectivamente, aínda que con pouco tempo que levamos tido para ir analizando as cuestións, xa imos vendo bastantes cuestións que podemos analizar no ámbito das consellerías concretas. E, pola miña parte déixolle esas reflexións que seguramente que non serán novas para vostede; pero, bueno, aquí hai que repetir as verdades mil veces para que terminen asumíndose como verdades por parte do Goberno da autonomía. E o caso concreto desta verdade da discriminación da provincia de Ourense —como lle digo— non a consideramos discutible.

Nada máis. Moitas grazas.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señor Ojea, polas súas e reflexións.

É agora o turno do Grupo Parlamentario dos Socialistas, co cal ten a palabra a señora Espinosa Mangana.

A **señora Espinosa Mangana (S)**: Bos días, presidente.

Conselleiro, benvido a vostede e ao seu equipo.

Deputadas deputados.

Estamos ante unha das etapas máis importantes dun Parlamento porque imos empezar a debater o principal instrumento que ten a Xunta de Galicia para cumprir cos obxectivos políticos do ano 2025. E o principal obxectivo debería ser outorgar un maior benestar aos galegos e ás galegas a través dun uso eficaz e eficiente dos recursos públicos. E, señor conselleiro, esta é a súa obriga, e eu dígolle que deixe de preocuparse polo que non ten responsabilidade como é o tema do Goberno de España, onde o seu partido, o Partido Popular, non fai máis que pór paus nas rodas para que non se poidan acadar ao mellor uns presupostos, pero logo volveremos a este tema.

E, señor conselleiro, ou moito cambian as cousas aceptando as emendas que lle propoñemos os socialistas cando chegue o momento ou, dende logo, non vai ser así que con estes presupostos academos un mellor benestar os galegos e as galegas, porque son uns orzamentos raquíticos e faltos de ambición para cumprir con ese obxectivo e para responder ás necesidades reais da cidadanía —e logo poderemos profundar algo máis—.

Señor conselleiro, dicía vostede nunha entrevista hai poucos días —entrecomillo o titular— «queremos que no ano 2030 a renda per cápita galega sexa igual á española». Vostede mesmo recoñece que estamos peor que a media española e a renda per cápita ten que ver co benestar da xente. E como o tempo é limitado, vou empezar por onde vostede rematou, vou empezar falar polos orzamentos da súa consellería para despois xa pasar aos proxectos da comunidade autónoma. E, sobre todo, gustaríame que lle dixera ao seu presidente que nós tamén lemos, porque hai veces que fai determinadas afirmacións que parece que non nos preocupamos por un instrumento tan importante, e eu asegúrolle que si lemos os presupostos.

E non vou entrar en debates de que poden ser partidas técnicas que compoñen o seu presuposto de apoio a sistemas de control do FEADER, do Fondo Social Europeo ou de transición xusta, aínda que daría moito xogo porque están moitas veces vinculadas estas asistencias técnicas con fondos europeos que quedan sen gastar. E aquí si me gustaría plantexar un tema que non é importante a nivel de presupostos pero que moitas veces distorsiona o que acaba de dicir algún deputado, que é buscar algunha fórmula para que aquelas partidas que teñen que ver única e exclusivamente coa Administración da Xunta de Galicia —e que si son imprescindibles, como poden ser asistencias técnicas— non queden vinculadas a unha provincia; porque, loxicamente, Santiago está nunha provincia e iso ao final distorsiona a territorialización per cápita. É unha suxestión que entendo que é técnica, pero que axudaría moito a facer unha análise moitísimo máis sensata da realidade.

Vostede falou de servizos electrónicos, de ciberseguridade. Nós o que queremos como socialistas é que realmente cheguen á cidadanía, que cheguen a servizos como pode ser a xustiza e a educación, porque é a obrigación da Xunta de Galicia aproveitar o máximo dos fondos que o Goberno de España a través do mecanismo de recuperación e resiliencia que financian estas partidas con cantidades moi importantes, ou estes programas con cantidades moi importantes.

E hai outras partidas das que vostede non falou hoxe aquí, que a nós si que nos gustaría que puidera na súa réplica profundar algo delas, que son as destinadas ao benestar dixital da teleasistencia e vivendas conectadas, con máis de 6,5 millóns de euros; a capacitación dixital da cidadanía, con 6,3 millóns de euros; ou 8 millóns de Administración dixital, que tamén son financiadas por mecanismos de recuperación. Gustaríanos que especifícase en que se van aplicar, dado que na Memoria aparecen soamente conceptos xerais. E se cofinancian programas, ¿que porcentaxe supón sobre cada un deles?

Tamén gustaríanos saber por que aínda estamos falando do Plan TIC 2015-2020, e por que conta con partidas orzamentarias no ano 25, se é un plan que teoricamente tiña que finalizar no ano 2020 ¿Levouse a cabo o plan? ¿Non se levou a cabo o plan? Ou, ¿por que está plantexado nestes momentos? Se non me equivoco, tamén no Programa de modernización tecnolóxica a Xunta de Galicia recibe case que 38 millóns de euros do Goberno de España do Plan de recuperación e resiliencia, aos que teriamos que sumar as transferencias finalistas, o diñeiro do Fondo Social Europeo, do FEADER ou do FEDER; en total, a min danme 63 millóns de euros. E, dada a importancia que para nós, para os socialistas, ten a modernización tecnolóxica, tamén me gustaría que nos puidera indicar cales son os principais obxectivos que pretende alcanzar á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia para o ano 25. É unha pena non poder falar do CES, do Retegal ou da Atriga, pero permítame que aproveite os minutos que me quedan para falar dos orzamentos xerais.

Señor Corgos, arrincou vostede falando de datos que compoñen o cadro macroeconómico das contas. Eu prefiro case obvialo neste debate, non porque non recoñeza que son imprescindibles para elaborar as contas ou para elaborar os presupostos, senón porque os datos moitas veces non nos favorecen, e vostede só falou daqueles que son favorables e porque tamén neles demostran unha falta de ambición por parte da Xunta de Galicia. Por exemplo, o produto interior bruto per cápita de Galicia está por baixo de España, e este é un bo indicador da calidade de vida; ou a evolución do mercado laboral ou de emprego, que tamén crecen en Galicia por baixo de España, un 2 % fronte a un 0,3 %. Ou, se quere, falamos duns orzamentos con menor crecemento que España, a súa previsión é o 2,1 %, mentres que Funcas sitúa xa a España nun 3 %. Isto poderiamos dicir, señor conselleiro, que é todo un récord de ambición. Si si, mire o último informe de Funcas e, se non quere o informe de Funcas, imos ao que plantexa o Goberno de España. E o resto das magnitudes tamén darían para un gran debate pero que é imposible dado o tempo que dispomos.

E vou entrar nalgún tema que vostede obviou. O Goberno de España ofreceulles ás comunidades autónomas uns obxectivos de estabilidade máis ... dos previstos que ata a data, que ata os que teñen agora as comunidades autónomas, porque poderían ter unhas entregas anticipadas do sistema financeiro autonómico superior ás doutros anos; é dicir, recibir un 9,5 % máis en recursos provenientes do Estado que os que recibiron no ano, 2024. Eu pregúntolle se é así, señor conselleiro, e lémbrolle tamén que desde que goberna Pedro Sánchez as comunidades autónomas recibiron 300.000 millóns de euros máis nos sete anos de Pedro Sánchez que nos sete anos de Goberno de Mariano Rajoy. ¿Canto máis lle tocou a Galicia desta porcentaxe?

Ademais, tamén lle ofreceron ter un déficit do -0,1 % no ano 25, 26 e 27, é dicir, dúas décimas máis de marxe fiscal que hoxe. E hoxe os socialistas mantemos que isto é bo para Galicia, da mesma forma que non entendemos porque non queren que lles condonen a débeda. E vostede dicía que non vale para nada, pero eu dígolle que si afecta moitísimo aos presupostos, e que si se aplicara neste ano, deses 1.700 millóns de euros que utilizamos para débeda, imaxínese os que poderiamos utilizar e dedicar para outros temas de que foran directamente aos cidadáns.

E falamos de ingresos. A Xunta deixa de ingresar 751 millón de euros para bonificar determinados impostos e taxas. Estas bonificacións crecen un 9,5 % con respecto ao ano anterior, un incremento nada desprezable, porque é moitísimo máis alto do que crecen os gastos. E o Grupo Socialista non nos negamos a que existan determinados beneficios ou bonificacións fiscais, pero as contas lévannos a que case a metade vai para dous impostos: os de sucesión e os de patrimonio; e benefician ás grandes fortunas, mentres que familias galegas sofren a falta de axudas da Xunta de Galicia en servizos básicos. A bonificación do imposto de patrimonio parece, señor Corgos, que é unha carreira coa señora Ayuso, se bonificamos aquí, a ver onde van vivir os que teñen que pagar máis, é dicir, ¿aquí ou a Madrid?; facemos esa carreira a ver a onde van.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Señora Espinosa, ten que ir rematando.

A **señora Espinosa Mangana (S)**: Si, remato xa.

E digo que bonificamos, pero reclamámoslle ao Goberno de España. E ademais dígolle, señor Corgos, que, segundo os últimos datos publicados, Galicia é a terceira comunidade autónoma que recibe máis dos fondos de solidariedade autonómica e eu déixoo aquí para que reflexionemos.

Remato xa dicíndolle que os socialistas queremos uns orzamentos valentes e uns orzamentos que non queremos que sexan conservadores —como di o presidente da Xunta de Galicia—. E espero que na segunda quenda me dea un pouco máis para profundar en temas que agora non tiven tempo.

Moitísimas grazas.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señora Espinosa.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para o cal ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A **señora Presas Bergantiños (BNG)**: Grazas, presidente.

Benvido de novo, señor conselleiro, a vostede e ao seu equipo a esta Comisión de orzamentos.

Ben, estes son os primeiros orzamentos dunha lexislatura nova; pero pese a esa novidade, aínda que cambiou o mandato, vemos que nestes orzamentos tampouco hai propósito da emenda, non fan vostedes o equivalente a eses obxectivos de aninovo ou de inicio de curso escolar.

En todo caso, vostede pode dicirme con toda a lexitimidade que non o fan porque acaban de renovar o Goberno, e terían toda a razón en dicilo. Pero eu si lle fago esta observación é por dúas razóns: a primeira, que por moito que revalidaran o Goberno nas urnas, cando non corrixen debilidades das que son conscientes, erran, estase equivocando; e —como dixo onte o señor Santalices mentres lle rifaban os seus deputados— non se vai ter a razón en todo, e iso tamén pasa na praxe orzamentaria. E a segunda, é que se espera da oposición que se lle pida cambios ao Goberno, pero este ano son vostedes os que finxen —na retórica orzamentaria, cando menos— que hai un certo cambio, un propósito de emenda en ámbitos como a vivenda, como o investimento ou como o enerxético; pero o certo é que, analizados os orzamentos, vemos que iso non é así, que son anuncios que non teñen a máis mínima credibilidade. E fálannos vostedes, polo tanto, dese modelo Galicia, pero a pouco que se rasque vese que o modelo Galicia do Partido Popular pois non deixa de ser un restyling da proposta orzamentaria de sempre, como cando a marca dun refresco cambia un pouco o seu logotipo pero non cambia nin un só ingrediente.

Entón, analizados os orzamentos, é o que é o que vemos: non hai unha evolución, non hai unha aprendizaxe dos cambios no ciclo económico, non hai unha aprendizaxe das crises e tampouco una adaptación ao que nós cremos desde o BNG que son os desafíos que temos por diante. Máis aínda, pois estas contas de 2025 non deixan de ser as contas dun Goberno conformado con seguir relegando a capacidade de autogoberno deste país, e un Goberno que tamén segue abonado á desregulación, tamén a privatización dos servizos públicos e a un modelo económico baseado no espolio dos recursos e que non ten unha folla de ruta clara para apostar nin polos sectores produtivos nin tampouco por ámbitos estratéxicos como a ciencia e a innovación. E por iso, nin nas grandes cifras, nin na proposta fiscal, nin na proposta de gasto estamos conformes con estes orzamentos.

E xa lle digo tamén de inicio que estes orzamentos non son nin nada heroico nin tampouco nada histórico, porque outra vez veñen vostedes aquí dicir eses slogans de moda para o Partido Popular, de que é un feito absolutamente extraordinario tendo a maioría absoluta presentar uns orzamentos. E mire, non, non o é nin con maioría absoluta nin sequera que non tiveran vostedes maioría absoluta; é que de todas as comunidades autónomas do estado español a maioría presentan en tempo e forma os seus orzamentos. Incluso o ano pasado con eleccións en varias autonomías presentaron case todas os orzamentos en tempo e prazo, algunhas máis tarde do Partido Popular porque estaban negociando cos seus amigos de VOX, e logo xa sabemos o que aconteceu coa situación catalá que desembocou nunhas eleccións non nuns orzamentos; porque, en todo caso, mal non lle vai a Cataluña negociando unha quita que vostedes non queren negociar e un sistema de financiamento que vai mellorar, mentres o sistema de financiamento doutros se non moven un dedo vai quedar atrás.

Polo tanto, non é nada heroico ter uns orzamentos, nin tampouco é extraordinaria a cifra global destes orzamentos, señor Corgos, porque para o Partido Popular sempre son históricos, negamos a maior —van gastar a palabra de tanto usala—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Gustaríame poder falar na miña quenda, e se o señor deputado do Partido Popular atende un pouco igual ve porque dicimos que non son uns orzamentos históricos.

Xa só tendo en conta o aumento medio da inflación no ano 2024, que foi dun 2,9 %, nin sequera compensa isto; necesitariamos, en vez de subir 344 millóns de euros, que subiran 384. Pero é que a maior parte do incremento, se analizamos o detalle de orzamento, é que vai para cubrir os xuros da débeda, esa débeda que vostedes di que non aumentan porque non queren, cando non aumenta a débeda é porque non lles deixan, non lles deixa Europa nin o Estado español. Quero dicir que nin sequera ese dubidoso mérito de non aumentar a débeda cando si están aumentando o gasto en débeda é que non é porque o fagan vostedes de motu propio, é que non lles deixa, é que é unha limitación ao marco de déficit. Co que, ademais vostedes teñen un síndrome de Estocolmo porque por unha parte critican o reparto de déficit no estado español, que dá máis capacidade de gasto e de endebedamento o Goberno central —unha crítica que nós compartimos e que o BNG sempre fixo historicamente, tamén cando gobernaba o Partido Popular no estado e vostedes calaban—; pero, ao mesmo tempo, non fan máis que gabar na memoria de orzamentos ese marco de déficit, polo tanto, outro exemplo da incoherencia do Partido Popular.

En todo caso, para non desviarme desta cuestión, a conclusión é que basicamente non hai realmente un aumento da capacidade financeira da Xunta; en realidade é un orzamento conxelado, por non dicir recortado na práctica, e iso que aínda computan 488 millóns dos fondos extraordinarios que é algo que vai rematar e que remata cando estamos instalados xa nese contexto de restrición orzamentaria —que nós, dende logo, non compartimos e temos cuestionado un montón de veces, non sopramos e sorbemos como fan vostedes con esta cuestión—.

E este marco que condiciona as nosas finanzas hoxe —que as empezaba a acondicionar no 24 e que as vai seguir condicionando ao longo de toda a lexislatura— é un problema político e é un problema económico e tamén ten moito que ver na limitación do exercicio do autogoberno con todo o que ten que ver co sistema de financiamento, que é un debate recorrente tamén ao fío dos debates orzamentarios; e as cifras deste ano certifican que outra vez un ano máis —e van 15— temos un sistema de financiamento que prexudica o noso país, que o propio Consello de Contas cifra en máis de 1.500 millóns de euros de recursos perdidos cada ano, iso é máis do que hoxe a Consellería de Política Social supón como partida de gasto, a Consellería de Política Social enteira. Polo tanto —conclusión—, neste momento, neste debate orzamentario insistimos nalgo no que temos insistido noutras ocasións: hai que negociar con firmeza e directamente co Estado un novo sistema de financiamento; porque senón seguiremos perdendo e, por moito que disfracen vostedes os orzamentos de sociais, seguirá sen ser suficiente para soster os nosos servizos públicos.

Señor Corgos, eu intento sempre escóitalo con atención —ás veces é difícil polo grao de velocidade co que vostede fala—, pero tamén intento lelo con atención. E eu vía con abraio hai uns días nunha entrevista súa como dicía que lle gustaría que este Parlamento tivese unha proposta da Comisión de estudo do sistema de financiamento —que o seu partido conxelou na pasada lexislatura e que aínda non se constituíu neste Parlamento, potestade da Presidencia do Parlamento— antes de fin de ano. Pois concordamos plenamente, benvido vostede a esa proposta que fixo o BNG —e eu mesma despois dunha interpelación que lle fixemos a vostede no Pleno— e que despois o Partido Popular votou en contra. Cando queiran, nós estaremos aí para facer propostas para ter un mellor financiamento de Galiza, pero para iso vostedes teñen que facer algo que é romper esa amarra que teñen con Génova e coa directriz estatal do seu do seu partido.

En todo caso, indo a outras cuestións que tamén quería deixar enriba da mesa. Estes ingresos, en definitiva, nin tampouco a proposta de gastos nos parecen suficientes para responder a un contexto macroeconómico que non está exento aínda de dificultades, que segue sen ser un remanso de paz. E nunca mellor dito, hai xustamente un ano, cando comezabamos a anterior tramitación parlamentaria dos orzamentos estabamos nun momento de recrudecemento dese xenocidio de Israel contra Palestina —que continúa— e sabemos que segue habendo inestabilidades xeopolítica, que segue habendo moitas incógnitas, que temos moitísimas cuestións pendentes na transformación económica e enerxética; e temos que preguntarnos tamén se estes orzamentos serven para ter, por exemplo, unha Galiza menos desigual.

Vostede fixo fincapé na inflación, na mellora dos datos —mellora que eu matizaría tamén—, hai que recordar que no último ano tivemos uns cantos meses nos que Galiza xa non é que tivese máis inflación que a media do Estado, é que durante varios meses do último período tivemos a inflación máis alta de todo o Estado. Co cal as consecuencias seguen aí por moito que despois de levar catro anos de estimacións orzamentarias dos organismos europeos de que ía reducir, parece que comeza a reducir, pero a situación non está para botar foguetes.

E acabamos de ver a semana pasada a presentación do Informe da Rede Galega contra a Pobreza, que nos di nada máis e nada menos que un cuarto, máis dun cuarto da poboación galega está en risco de exclusión social ou pobreza. ¿E cal é a resposta do seu Goberno? Vostede presumiu aquí do gasto social máis alto da historia, como titular en termos monetarios é relativamente certo; pero claro, ¿cal é a cuestión de fondo?, ¿que vemos nos programas de gasto da Xunta? Pois vemos, por exemplo, que vostedes recortan o Programa de inserción social porque non teñen mellor ocorrencia neste contexto que suprimir, por exemplo, o complemento autonómico do bono social térmico; non vaia ser que exerzan o seu autogoberno para mellorar a vida das clases populares. Ou que, por exemplo, temos o 48 % das pensións galegas por baixo do limiar da pobreza, e que vostedes baixan 54.000 euros da partida as PNCs.

Ben, pois, en fin, se este é o modelo Galicia do Partido Popular de deixar atrás a quen máis o precisa, un ano máis nós opoñémonos. E ademais isto acontece mentres a súa política fiscal mantén as prebendas para minoría máis rica doutros anos e incorpora novas medidas, que analizaremos en detalle no debate da Lei de acompañamento, pero que —en resumo— favorecen aínda máis a especulación do lobby eléctrico, pero agora incorpora especulación do lobby urbanístico e do lobby da vivenda. Polo tanto, non ten credibilidade ese disfraz que lle pon a estes orzamentos.

E quería —porque xa creo que estou excedendo o meu tempo— facer telegraficamente algunha reflexión sobre as prioridades de gasto. Insistir nesta última cuestión, é que non teñen credibilidade, porque vostedes aparentan un certo propósito da emenda, que agora de súpeto os investimentos van ser prioritarios, é algo que levan dicindo nos últimos orzamentos e que logo vemos como, por exemplo, o esforzo investidor en canto a operacións de capital non acada aínda sequera o nivel de 2009. Vemos como tamén pechado o exercicio orzamentario do 23 deixa moito que desexar todo o que ten que ver coa execución de investimentos reais, case 500 millóns de euros de transferencias de capital...

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Señora Presas, ten que ir rematando.

A **señora Presas Bergantiños (BNG)**: ...e 80 de investimentos reais. E o mesmo acontece cos grandes titulares destes orzamentos —telegraficamente—: vivenda, agora anuncian aquí un gran cambio de paradigma, pero xamais alá das cuestións de modelo e de fondo que trataremos singularizada na súa consellería, hai que dicir que non teñen credibilidade porque precisamente a área de vivenda e partidas como o acceso á vivenda son as que peores índices de execución teñen; collamos o ano 23, collamos o período 2019-2023 que temos analizado desde o BNG, ou ampliemos máis á folla atrás.

Polo tanto —en conclusión—, rexeitamos estes orzamentos, entendemos que hai unha incoherencia entre o que se di e o que se fai, que novamente prometen unha cousa é o resultado será outra. E que cando nos prometen grandes cambios a favor das maiorías

sociais na vivenda ou na enerxía, citando de novo as sabias palabras do señor Santalices no Pleno de onte —que foi moi intenso— «isto non llo cre nin ... o apuntador», señor Corgos.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Señora Presas.

A **señora Presas Bergantiños (BNG)**: Nada máis e moitas grazas.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señora Presas.

É agora o turno do Grupo Parlamentario Popular para o cal ten 10 minutos, señora Sainz Arias.

A señora Sanz Arias (P): Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor conselleiro.

En primeiro lugar, señor Corgos, quero agradecer a súa comparecencia nesta Comisión para dar conta do proxecto da Lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 25. Estamos ante un dos debates máis importantes que se celebran nesta Cámara posto que o orzamento dunha Administración non é tan só un plan financeiro; o orzamento define a partir dos recursos dispoñibles a folla de ruta, as preocupacións, os obxectivos e as prioridades dun Goberno para cos seus cidadáns. Neste sentido, na presentación que vén de facer deunos unha visión global do plan de acción do Goberno que preside Alfonso Rueda para o ano próximo e que deixa claro que estamos nun orzamento centrado nas persoas, centrado especialmente no benestar das galegas e dos galegos.

Con carácter previo, desde o Grupo Popular queremos agradecer o intenso traballo, tanto do Goberno galego como dos empregados públicos que hai detrás da elaboración destas contas; e que, logo dunha seguro enriquecedora tramitación parlamentaria, nos permitirá aprobar este proxecto en prazo e estrear o novo ano cuns orzamentos en vigor. E así será no ano 25, como así leva sucedendo nos últimos 16 anos, 15 anos consecutivos cun Goberno Popular á fronte da Xunta de Galicia.

Un xeito de traballar serio e rigoroso que caracteriza a este Goberno, Galicia é a única comunidade capaz de aprobar por décimo sexta vez consecutiva os seus orzamentos en prazo —repito, a única—. É máis, estamos ante un Goberno cunha maneira de traballar tan responsable que o presidente Rueda esperou a convocar as últimas eleccións autonómicas ao día seguinte de ter aprobados os orzamentos deste exercicio, para que o novo Goberno fose, cal fose, puidese comezar a traballar xa desde o primeiro día, deixando claro que para el Galicia e os galegos son o primeiro.

Xa nos gustaría poder dicir o mesmo do Executivo central —gobernado por vostedes e co aval do BNG— nun escenario no que funcionamos con orzamentos prorrogados e cunha incerteza absoluta sobre o que sucederá nos orzamentos do ano 25. Señora Espinosa —que non está, pero señora Espinosa— é que Sánchez é o presidente que menos orzamentos aprobou desde o ano 82, e que leva no seu haber o dubidoso mérito de ter prologado durante catro exercicios os orzamentos; coido que isto non é culpa do PP, como acaba de denunciar, senón que coido que el terá toda a parte da culpa. En calquera caso, fronte á de Galicia que funciona pois incertezas, bandazos, falta de transparencia, nula información como sinais de identidade da tramitación dos orzamentos do señor Sánchez. O único que sabemos é que o seu Goberno non foi quen de aprobar a senda fiscal no pasado mes de xullo no Congreso, e o único certo é que manteñen negociacións opacas sobre financiamento singular fóra do Consello de Política Fiscal e Financeira, á diferenza do que viña sendo habitual ata o momento.

Ben, señorías da oposición, respecto ás súas críticas aos orzamentos da Xunta de Galicia, pois máis do mesmo, dá igual que conteña, vostedes non se esforzan nin un pouco en aportar algunha novidade: son as mesmas do ano 24, 23, 22, e así anos anteriores. Ata o punto de que saen facendo as súas valoracións a poucos minutos de que entre en sede parlamentaria ao proxecto de orzamentos e que —con todo o respecto á súa capacidade de análise e de lectura— resulta tremendamente sorprendente que sexan capaces de avalialos en tan pouco tempo. Sempre o mesmo discurso: son os da Galicia en branco e negro, sen progreso, papel mollado, contas antisociais, orzamentos tristes —isto é novo, de Besteiro deste ano, tristes—, sen ambición de país, bla bla bla.

Miren, señorías, fronte ao mantra, datos. Sinto dicirlles que a realidade os desmente e que vostedes se equivocan en todas as súas previsións. Din que son orzamentos antisociais, ¿antisociais?, pero nin cando vostedes gobernaban se dedicaban tantos gastos a política social: 3 de cada 4 euros deste orzamento van destinados a gasto social. Estamos ante o maior gasto social da historia de Galicia: 10.267 millóns de euros.

Outro: papel mollado porque non se executan. Señorías, a obra de execución da Xunta de Galicia é incuestionable. Non fagan as trampas contables que tanto lles gustan como contabilizar fondos de execución plurianual antes de que acabe o período de aplicación. Pídolles rigor e non porque o diga eu, senón porque poden comprobalo na liquidación das contas xerais que se aproban cada ano nesta Cámara; por exemplo, comproben a última conta xeral, a do ano 21, que rematou cun nivel de execución, o gasto da Xunta de Galicia, dun 95 %, sendo un 105 % cando se analiza o gasto corrente.

Ou falan de Galicia en branco e negro, esa Galicia pesimista e sen proxecto de país —esa expresión gústalles aos dous—. Esa sería a Galicia que lle gustaría aos grupos da oposición, pero voulles dar os datos que desmenten tamén esa afirmación, e para iso permítanme que me deteña un momento na análise da situación macro, porque incluso nun entorno económico-financeiro bastante complexo Galicia segue convertida nunha

illa de estabilidade. De feito, a economía galega está a amosar unha forte resiliencia e voume deter no principal indicador, no PIB.

Señora Presas, ¿lembra a súa intervención nesta Comisión o ano pasado ou incluso no anterior? Pois hai dous anos, cando debatiamos o orzamento do ano 23, o IGE facía unha previsión de crecemento do 1,7 %. ¿E sabe que dicía vostede? Que era un dato desfasado, que eran previsións do Goberno literatura e viu un informe e díxolle que acabaría cun crecemento cero. ¿E sabe cal foi o crecemento final? Pois sinto dicirlle que foi do 1,8 %. Así que desmóntolle o seu discurso negro.

Seguimos. Debate de orzamentos do ano 24, previsión de crecemento do PIB: o 1,9 %. ¿E que dicía a señora Presas sobre este dato hai un ano xustamente?, pois que respectaba ao IGE, pero que había sinais preocupantes, que a economía galega se ralentizaba e que o crecemento estaba sendo revisado á baixa. ¿E sabe cal foi finalmente a realidade? ¿Cal será a realidade? Pois que o crecemento do PIB si que revisou pero —sorpresa— á alza, ata un 2,3 %; e que ademais a ... estima que acabaremos este ano cun crecemento aínda superior, dun 2,5 %. ¿E sabe porque se revisan á alza, señora Presas e señora Espinosa? Porque o Goberno da Xunta de Galicia actúa con prudencia nas súas estimacións. E se non lle gusta que falemos de PIB, podemos falar de emprego; sobre o que, por certo, señora Presas —perdón por meterme como vostede, pero non está a señora Rumbo, entón falo do ano pasado e era a que estaba—, dicía vostede literalmente que «neste eido do emprego tamén había sombras», esas palabras que lles gusta introducir. Con todo o respecto que lle teño, pero non está moi acertada nunca nas súas previsións; supoño que prefire pintar unha Galicia que vaia mal a recoñecer a verdade, que é a boa marcha da nosa economía.

Imos ao emprego. Respecto a taxa de paro, xa no ano 23 —como anunciou o conselleiro—, acadou unha cifra por debaixo dos dous díxitos, un paro rexistrado do 9,7 %, e este ano finalizará cun paro rexistrado do 9,4 %. E non esqueza, señora Presas señora Espinosa e señor Ojea, que detrás e todas estas cifras hai persoas e hai familias galegas.

Señorías, Galicia funciona e temos exemplos en moitos ámbitos que seguen demostrando o pesimismo dos seus discursos. Exportacións, díxoo o señor Corgos, cada ano bátense récords de exportacións e actualmente estamos superando os 30.000 millóns de euros que se venden fóra do noso país.

Índice de produción industrial, segundo os últimos datos publicados, Galicia foi unha das cinco comunidades que tivo unha taxa de crecemento positivo no último ano, á diferenza da media nacional, que caeu un 3,5 %.

Educación, Galicia conta coa adecuación máis inclusiva de España e conta cunha educación gratuíta desde que un neno nace ata que ao finalizar os estudos universitarios; medidas pioneiras das que nos sentimos moi orgullosos e que estes orzamentos, señor Corgos, consolidan.

Ou sanidade, cuns orzamentos que tamén permiten ter o calendario de vacinación máis ambicioso e completo do mundo, e un sistema de cribados que é pioneiro na Unión Europea. A maiores, os galegos e ás galegas dispoñen dos máis avanzados tratamentos para practicamente calquera patoloxía, de maneira que ningún deles ten que saír de Galicia para recibir o tratamento máis axeitado; poño como exemplo só Carthy, o proxecto de protonterapia, a cirurxía robótica ou a inmunoterapia.

Ben, señor Corgos, e estou convencida de que fronte a ese forzado pesimismo acertará de novo coas previsións que incorpora este orzamento. Un crecemento do PIB do ano 25 do 2,1 %, encadeando así cinco anos de crecemento sostible; e unha taxa de paro que seguirá descendendo ata o 9,1 %. E coido que é importante lembrar —como xa dixo vostede— que estas previsións están avaladas pola AIReF e que están dentro da horquilla de previsións que realizan outros organismos para Galicia.

Ben, e despois temos que escoitar ao secretario dos socialistas de Galicia —e hoxe tamén á portavoz dos socialistas— preocupados porque ata o ano 2030 a Xunta non prevé que a renda galega iguale a renda nacional. ¿Pero onde estivo o señor Besteiro ou a señora Espinosa durante todos estes anos? É realmente sorprendente que fagan estas afirmacións en relación á converxencia da nosa comunidade, cando a evolución nesta materia ten sido extraordinaria.

Señorías do Grupo Socialista, da análise da taxa de variación do PIB per cápita desde o ano 2008 ata o ano 2022, mentres que a media nacional medrou (Murmurios.) —mire, mire aquí— medrou un 22,1 % —que está en vermello—, Galicia medrou —está no segundo lugar— un 27,4 %, sendo a segunda comunidade que máis aumenta. E respecto á converxencia con España —que lles preocupa—, póñolles esta gráfica que analiza a que hai desde o ano 2008 ata o ano 2023. Comezabamos —e dígallo ao señor Besteiro— unha converxencia dun 87,6 % e pechamos o 2023 coa converxencia do 93,4 %; aínda que queda un pequeno treito para a converxencia total, a evolución ten sido —insisto— extraordinaria.

Ben, ¿e cal é a alternativa? Pois xa coñecemos a política que propón o señor Besteiro ou a señora Pontón, e que non é outra que aceptar a ruptura da caixa común na que Galicia sempre foi a comunidade perceptora e, por tanto, cun sistema que lle beneficiaba e o que queren é mudala por un modelo que só sairá gañando Cataluña. Calquera cálculo dará como resultado que Galicia sae perdendo. Podo poñer, por exemplo, os últimos cálculos de Facenda que estima que o prexuízo para a nosa comunidade será de 628 millóns de euros, unha vez coñecidas as cifras definitivas da liquidación do SFA para o ano 22.

En calquera caso, estamos falando dunha perda do entorno aos 700 millóns de euros, pero isto non é algo que só o diga o Partido Popular. En contra, tamén posicionouse por exemplo o Foro Económico de Galicia —ao que pertencen economistas de recoñecido prestixio como o señor Leiceaga, e non sospeitoso de pertenza pertencer ás nosas filas—

cando na súa comparecencia —non del, senón do Foro Económico— que fixo no Congreso dos Deputados do pasado mes de xuño, defenderon que estender o modelo de concerto económico comprometería a viabilidade económica do país; e estimaron que aplicar o modelo de cupo vasco ao resto das autonomías suporía que Galicia deixaría de recibir 2.647 millóns de euros. ¡Vaia negocio, señorías da oposición! E por se isto fora pouco, hai que sumar as consecuencias da condonación da débeda que está ofertando o señor Sánchez. Non enganen, a débeda non desaparece, a débeda mutualízase. E as galegas e os galegos, dado que a Xunta fixo unha xestión responsable e moito máis prudente, sairían prexudicados. (Murmurios.)

Señorías, remato xa.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Señora Sainz.

A **señora Sanz Arias (P):** Remato xa.

Os problemas de Galicia non se arranxan dicindo que aceptamos a condonación, o que realmente necesitamos é que se convoque a Conferencia de Presidentes para falar dos 700 millóns de euros que Galicia precisa como financiamento adicional, e sentar as bases nun marco común que logo se desenvolva no Consello de Política Fiscal e Financeira. Reclamamos un modelo de financiamento xusto e multilateral, un modelo que corrixa —tal e como vostede acaba de dedicar— a insuficiencia de recursos do actual sistema de financiamento para a nosa comunidade.

Moitas grazas.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señora Sanz.

É agora o turno do conselleiro.

Ten 10 minutos para poder responder aos diferentes voceiros dos grupos parlamentarios.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública (señor López-Prado): Grazas.

Grazas ás súas señorías polas apreciacións á exposición inicial do orzamento. É unha mágoa que só teña 10 minutos para responder, xa sei que o tempo é limitado para todos. (Murmurios.) ¡Pero é que son tres contra un... bueno, dous mais un.

Bueno, gustaríame referirme ás intervencións das súas señorías e ás súas apreciacións sobre o orzamento, agradecendo o ton construtivo de moitas delas ou dubidando, como moito, das miñas afirmacións que tentarei asentar mellor nesta segunda intervención.

Ao señor Ojea preocúpalle especialmente o investimento en Ourense, aínda que o Parlamento de Galicia representa a todos os galegos malia a que o lexislen pola provincia de Ourense, como todos os membros do Parlamento galego.

Evidentemente, as cifras de investimento son diferentes e obedecen a dous motivos: un estrutural e outro máis conxuntural, o estrutural é que os servizos públicos e prestar ás persoas e, polo tanto, é lóxico que exista unha correlación entre as provincias máis poboadas e o investimento público. Pero si tentamos neutralizar esa diferenza capitativa e imos ao dato per cápita, si que vemos que a provincia de Ourense ten un investimento per cápita de 5.742 euros por habitante, que é moito maior que as provincias máis poboadas. Esa é unha discriminación a favor de Ourense que nunca esquecemos, como tamén a favor de Lugo, porque o que tentamos dende o Goberno é achegar uns servizos homoxéneos a todos os recunchos da nosa comunidade autónoma. E, como saben, os galegos temos un defecto, que vivimos onde nos peta e estamos espallados por todo o territorio, por tanto, temos que repartir ben os recursos públicos para chegar a todos eses recunchos do territorio.

Ademais —e xa o dixen na miña exposición—, temos un problema —que tamén se puxo de manifesto coido que pola señora Espinosa— que é que temos que mellorar a territorialización no eido de que existe un sesgo importante a prol do gasto en Santiago de Compostela polo efecto sede; e que hai moitos servizos que se prestan a todos os galegos, independentemente de onde residan, e que se están a computar en Santiago. É o que fai é que a provincia da Coruña figure cun peso moito maior; pero, por exemplo, se imos ás cidades, veremos que o investimento por habitante en Vigo é maior que é o da cidade da Coruña, por exemplo, se depuramos ese efecto.

E o segundo, o máis coxuntural que dicía, obedece ao ciclo investidor. Os investimentos non se fan en todos os sitios á vez e ao mesmo ritmo. E é lóxico que cando se estaba a acometer un gran investimento nunha determinada cidade, pois, pese máis na territorialización esa cidade, e cando remate e xa teña ese equipamento construído pase a pesar un pouquiño menos; por exemplo, cando estea a pleno ritmo a construción do edificio administrativo da cidade de Ourense, o peso do investimento na capital será moito maior que agora que está en fase de comezo da obra de infraestrutura. Ou é maior tamén o investimento do financiamento do CECIGA neste o vindeiro 25 que o que había no 24, que estaban na fase de inicio de planificación e de inicio da obra.

En canto á señora Espinosa, comezou dicindo que me tiña que preocupar máis das miñas responsabilidades e menos do que fan ao Goberno de España. Pero é que, mire, o que ocorre é que o que acordan no Goberno de España nos afecta a todos os galegos; e se se acorda unha evolución do sistema de financiamento que é lesiva para a comunidade autónoma pois claro que me teño que preocupar. E afortunadamente non me preocupou eu solo, tamén hai algún socialista, por exemplo, o señor Touriño, que dixo onte que cre que o cupo catalán sería un grande erro político e un problema económico para Galicia, que tamén se preocupan do devir de Galicia e dos galegos.

Entón claro que nos temos que preocupar das fechorías que fan en Madrid, por suposto que si.

A converxencia en renda per cápita penso que foi explicada dabondo, dabondo xa; pero é evidente, é un traxecto, cando Galicia cede a autonomía está no 70 % de converxencia coa media española en renda per cápita. E a partir de aí iniciamos un proceso de converxencia en renda e de cohesión que se acelera nos últimos anos e que é un logro colectivo de todos os galegos; non é un mérito do Goberno galego, nin moito menos, pero que temos que poñelo en valor. E, por exemplo, entre o ano 9 e o ano 23, Galicia foi a comunidade autónoma que máis converxeu en renda per cápita, incrementando a súa renda per cápita nun 31 % fronte ao 24,4 % da media nacional, e así queremos seguir ata acadar esa media nacional e logo superala, ¿por que non?

Ben, logo falou dunha serie de partidas aí que non entendín moi ben, algunhas partidas de gasto; bueno, se quere as analizamos con detalle e explícollas pero non sei moi ben que se refería do financiamento da Amtega, penso. E outras partidas de benestar dixital, bueno, esas son partidas que están financiadas co mecanismo de recuperación e resiliencia e deben dedicarse ao fin para o cal foi acordado na conferencia sectorial do ministerio correspondente e para desenvolver o sistema de teleasistencia no marco da nova economía dos coidados que desexa ao Plan nacional de recuperación e resiliencia —como sabe—, non ten máis. Executáranse consonte ao previsto o desenvolvemento dese modelo de teleasistencia que abrangue a máis cidadáns e terá máis calidade, e nada máis, e temos ata o ano o 26 para executalo. Os obxectivos da Amtega para o ano 24 xa os indiquei, non me quero repetir, pero falabamos de mellorar os servizos dixitais do portal do sector público, esa nova oficina e as aplicacións para os cidadáns, e investimentos puntuais como o CECIGA para situar a Galicia como unha comunidade autónoma de referencia no eido da ciberseguridade.

Quédame aquí logo, o tema do financiamento e condonación da débeda. O déficit dos recursos do sistema de financiamento autonómico xa o indiquei tamén, é que os recursos do sistema de financiamento autonómico non son un agasallo que veña do Goberno central, é que son a nosa participación dos ingresos no IRPF, no IVE e nos impostos especiais, que son dos galegos, non son do Goberno central e que graciosamente os asigna aos galegos. E como dixen anteriormente, se botamos unha ollada á evolución dende que este sistema está en funcionamento, medrou un 61,5 % a recadación global de España, e debería medrar o mesmo para as comunidades autónomas, porque están cedidos o 50 e o 55 % dos recursos; pois ben, o sistema de financiamento só aumenta un 43,6 %. ¿Por que medra un 62 % a recadación destes impostos cedidos á metade e só medra o sistema de financiamento autonómico un 43 % neste tempo que leva funcionando o sistema de financiamento? E os recursos para Galicia aínda menos, un 28 %. Por iso nós diagnosticamos que o principal problema da comunidade autónoma hoxe en día é o financiamento, e non é ese trampantojo de condonación de débeda que se inventaron a pachas entre vostedes e os compañeiros do Bloque Nacionalista Galego, que o único que faría é endebedar máis os galegos na súa débeda global e non aforrar intereses. Porque se os intereses que vai ter que asumir o

Estado central cando asuma a débeda de todas as comunidades autónomas suporían uns 700 millóns de euros, se repartisen entre as comunidades autónomas co criterio do sistema de financiamento, a Galicia corresponderíanlle 40 millóns de euros de maiores ingresos ou menores intereses, e a condonación que se propón apenas aforraría 20 millóns de euros. Por tanto, é un mal negocio desde todos os puntos de vista.

E, por certo, non digan cousas que non son certas, non mintan. A quita da débeda non supón máis capacidade de gasto para ninguén, é un xogo de suma cero, pasa débeda das comunidades autónomas á Administración xeral do Estado. Non se permitiría. Estamos nun plan de consolidación fiscal con Europa. Mire, ese plan que é o 3 % que refire Funcas, non se pode aumentar a débeda global —entón, non diga mentiras—, a débeda pasaría ao Estado pero non se poderían estar máis para cubrir esa fenda na comunidade autónoma. Entón, está ben defender as ideas de cada un pero non dar aos cidadáns información falsa, incompleta ou inexacta, por favor.

Logo tamén —por último—, por facer unha referencia á señora Presas e que non se sinta discriminada, tamén falaba do de sempre, o de sempre. Eu penso que cousas que estamos a facer, como recuperar as autoestradas que estaban en colaboración público-privada e xerar espazo para realizar novos investimentos por 50 millóns de euros, novos investimentos de obra civil e de edificación pública para a comunidade autónoma, creo que non é facer o de sempre. Eu penso que triplicar o orzamento de vivenda tampouco é facer o de sempre, e no meu pequeno eido de actuación, eu penso que levar a cabo a xestión recadatoria íntegra dende a Atriga pola comunidade autónoma tampouco é facer o de sempre; de feito, nunca se ten feito na historia da comunidade autónoma. Por tanto, tentamos presentar uns orzamentos modernos, sostibles, afeitos ás dispoñibilidades financeiras.

E o tema dos orzamentos históricos é simplemente un dato, son os máis altos da historia. ¿É normal? Pode que si, pero é un dato. Simplemente indicamos ese dato.

Xa indiquei que os xuros apenas medran 14 millóns de euros, é a partida que menos medra do gasto non financeiro, e apenas supón este incremento un 4 % do incremento do total dos orzamentos. E, por tanto —como dicía antes—, a débeda non é un problema para nós, porque nós fixemos o espazo financeiro suficiente para poder soportala. Nós o que queremos é que se solucione o principal problema que temos que é financiamento, como acabo de indicar, para financiar os servizos públicos fundamentais con suficiencia. E por iso é polo que indiquei —nesa entrevista á que vostede facía referencia— que espero —e sigo esperando e traballarei por iso— que cheguemos ao cerre deste exercicio cunha proposta de reforma do sistema de financiamento, cunha proposta de país entre todos os grupos que conforman a Cámara.

Nada máis e moitas grazas porque xa me estou excedendo do tempo.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señor conselleiro.

É agora o turno de réplica dos grupos parlamentarios.

Para o cal ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Mixto por cinco minutos:

O **señor Ojea Bouzo (M)**: Grazas, presidente. Non creo que os esgote.

Eu xa sabía que o señor conselleiro ía sacar o dato da renda per cápita, do investimento per cápita, e loxicamente se a provincia de Ourense —por particularizar en Ourense, que é o que loxicamente veño defender aquí— é discriminada nos investimentos públicas, o que se produciu un fenómeno do despoboamento; e, se hai un fenómeno de despoboamento, o lóxico é que por pouco que se invista a inversión per cápita medre loxicamente. E se a poboación é cero, a renda per cápita dá infinito, o pouco que se invista, iso creo que é fácil de entender. Quere dicir —como dicía o outro día no Pleno—, o dato do investimento per cápita ten sentido interpretalo se a distribución da poboación é homoxénea, pero se non é homoxénea pois non ten sentido.

E logo falábame dese sesgo que hai en determinadas provincias, no caso concreto, por exemplo de Pontevedra —que nomeou— porque Santiago ten moitos servizos; non soamente só da Xunta, senón moitos outros servizos que, efectivamente aos que debemos recorrer os galegos. Moitos galegos temos que vir a Santiago para facer moitísimas xestións ou para atender a moitísimos servizos de todo tipo, desde a Cidade da Cultura ata... bueno, sobran os exemplos. Entón, claro, a cuestión é descentralicen esas entidades, descentralicen os servizos. Estase falando moito, lévase falado moito desa descentralización que xa sucede en moitos lugares de Europa dos servizos públicos e doutros servizos culturais, etcétera.

Descentralicen moitos deses servizos, que non se concentre todo en Santiago de Compostela; repartan co resto das provincias, algunhas das cales tamén xa levan unha boa parte desas infraestruturas, e verá como así xa non hai o sesgo do que vostede estaba falando.

En realidade, é outra cara da moeda da mesma cousa, quere dicir, precisamente unha boa razón da discriminación da cidade de Ourense é centralizar determinados servizos que son para todos os galegos na cidade de Santiago de Compostela e que moi ben poderían estar repartidos por todo o territorio, máxime cando hoxe en día tantos deses servizos e se prestan telematicamente con axuda das tecnoloxías dixitais, que non fan necesaria a presenza —digamos— física; ou sexa, que non está asociado ao territorio necesariamente o servizo a un territorio determinado, senón que podería, digamos, ampliarse o espectro de localizacións.

Entón, bueno, pensen niso, pensen en descentralizar esa clase de servizos cara ás outras provincias, particularmente a de Ourense —que está moi orfa desa clase de cousas—, lembremos o tema da intelixencia artificial, que finalmente foi para A Coruña, pero podemos poñer moitos máis exemplos.

E logo, claro, aínda que xa falaremos no resto das comparecencias co resto dos comparecentes e conselleiros, moitas das obras das que vostedes sempre falan da provincia de Ourense son en realidade obras de mantemento, non son obras iniciais. Por certo, está falando da nova sede da Xunta e non se moveu aínda nin unha pedra, di que está en proceso, pero bueno, a ver se en realidade esa e outras e outras iniciativas se poñen en marcha.

E nada máis porque tempo haberá de tratar este tema con máis detalle no resto das comparecencias e no pleno ad hoc para os presupostos.

Nada máis. Grazas.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señor Ojea.

É agora a quenda do grupo parlamentario dos Socialistas e ten para iso, cinco minutos, señoras Espinosa.

A **señora Espinosa Mangana (S)**: Grazas de novo, presidente.

Os socialistas queremos uns orzamentos valentes, señor conselleiro, non queremos uns orzamentos conservadores, como di o presidente da Xunta de Galicia. Queremos uns orzamentos que respondan ás necesidades reais da cidadanía. Pero sabe perfectamente igual ca min que hai un principio básico: que para pouco valen os orzamentos se aínda encima non se executa. E, segundo o Ministerio de Facenda no ano 22, quedaron sen executar 1.492 millóns de euros. ¿A quen prexudicou? Con toda seguridade aos galegos e ás galegas que máis o necesitaban.

E vostede falaba de financiamento e eu dígolle, señor Corgos, que sabe perfectamente que o Goberno de España está aberto a negociar o financiamento, pero isto depende de dúas partes, e con isto creo que me entende perfectamente.

E efectivamente, temos pouquísimo tempo —vostede aínda ten máis, pero eu teño menos— para debater sobre temas de débeda que serían moi interesantes. Pero na súa intervención sabe tamén que está ocultando una parte de verdade, porque eu lle poño outro exemplo: a normativa é igual para os concellos, hai concellos que están intervidos e hai concellos que non, polo tanto, a parte que poderán executar nos seus presupostos a unha e a outra é totalmente diferente. Faga un paralelismo e sabe do que lle estou falando.

Pero vou volver aos presupostos e dicirlle que Galicia perde capacidade de gasto pola política fiscal do Goberno galego e vai perder máis se non queren que se lle condone a débeda. ¿E non lle parecería máis razoable que o diñeiro que vai á rebaixa de impostos de rendas altas se incrementara, por exemplo, para financiar os concellos, axudarlles a

pagar a reparación de centros educativos, escolas infantís ou o SAP, por pór un exemplo?

E, señor conselleiro, ¿é consciente da infradotación económica do Sergas que continuamente lle lembra o Consello de Contas? Hai un mes aproximadamente a Xunta tivo que recortar 62 millóns de euros en obra nova para tapar buracos en sanidade. Son titulares dos medios de comunicación. ¿E por que non asumen as necesidades sanitarias dunha vez? ¿Ou quizá prefiran gastar o diñeiro nun fondo de investimento propietario do Álvaro Cunqueiro que investir en sanidade? Por certo, ¿por que falan do rescate das autoestradas e non falan de rescatar o Álvaro Cunqueiro? Non esqueza que o Barómetro Sondaxe publicado a principios deste mes sinalaba a sanidade como principal problema dos galegos e das galegas, seguido da falta de vivenda.

E falamos de vivenda. É absolutamente vergonzoso que despois xa do anuncio que fixo o presidente a todo o bombo e platillo, con respecto ao tema da vivenda, figuren 72 millóns de euros menos que os que destinaba á vivenda o Goberno de Emilio Pérez Touriño, con orzamentos actualizados para o IPC.

¿Quere que falemos de orzamentos en promoción da lingua que é a metade do Goberno de Touriño? ¿Os investimentos que afectan ao sector produtivo agrario non baixan o 2 %? ¿É isto apoiar o mundo rural e tratar de frear o despoboamento, cando ademais temos moitos concellos do rural onde a Xunta de Galicia vai investir cero euros? ¿Esquécense tamén do deporte cunha forte caída nos presupostos? ¿e a conservación da diversidade? ¿Están empeñados en seguir á cola do estado na súa protección e conservación? Son cativas por non dicir que nulas as políticas pola aposta contra o cambio climático. Tamén sabe, señor conselleiro, que investir en investigación, desenvolvemento e innovación é fundamental. En Galicia, non só estamos por baixo da media do Estado e de Europa, senón que nos últimos anos fomos a menos; e estando nesas circunstancias, a partida de investigación, desenvolvemento e innovación sobe dous puntos menos que o fai o seu orzamento no seu conxunto.

Señor Corgos, podería seguir, pero o tempo esgótaseme. ¿Como pretende que cualifiquemos estes orzamentos? Sei que son orzamentos que Rueda quere, pero non son os orzamentos que Galicia necesita. Non podemos aceptar un Goberno que se conforma cunha Galicia que crece menos e que atende peor aos concellos e aos galegos e ás galegas. Dende o Partido Socialista seguiremos loitando por uns orzamentos que recollan as verdadeiras prioridades de Galicia: vivenda digna, sanidade pública e de calidade, incluído mellores condicións laborais para contar con máis persoal sanitario, equipos de valoración e dependencia e máis coidadores, aposta polo medio rural e mariño, loita contra o cambio climático, impulso ás renovables, aposta pola investigación, desenvolvemento e innovación, apoio ás empresas e emprendedores e competitividade. E finalizo xa, terminaremos en definitiva, para que os orzamentos acaben sendo os que Galicia necesita.

Moitas grazas.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señora Espinosa.

É agora a quenda da voceira do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A **señora Presas Bergantiños (BNG)**: Grazas, presidente.

Ben, Siniestro Total vai ter que versionar aquilo de «menos mal que nos queda a Portugal», con «menos mal que existe Cataluña», ¡menos mal que existe Cataluña e que non hai maiorías no Congreso das e dos Deputados. Porque senón neste debate orzamentario pasarían dúas cousas: a primeira, que o BNG quedaría só falando do lesivo sistema de financiamento que ten este país e da necesidade de mudalo porque a ninguén máis lle acordaría; e, en segundo lugar, porque o Partido Popular tería máis problemas para basear o seu argumentario, porque basicamente o gran argumentario do Partido Popular é Cataluña.

En fin, nós seguimos insistindo: o problema para Galiza non é Cataluña, o problema hoxe para Galiza é a incapacidade do seu Goberno para defender os intereses de Galiza porque está supeditado a estratexia do seu partido en Madrid; e ao centralismo, que é o eterno problema que ten este país en materia de financiamento, así de claro e así o din as cifras. Polo tanto, cando se queira dar un debate serio sobre esta cuestión, nós estaremos aí. No que seguimos insistindo é en que Galiza ten que negociar, e o que é ciencia ficción, é dicir, que esa quita da débeda, que ademais o Partido Popular votou a favor no Debate do estado da nación cunha transacción co BNG hai menos dun ano; o que é irreal é dicir que abrir unha negociación co Estado para iso, que ademais unha parte importante é unha débeda ocasionada por un marco de déficit —o da crise financeira de 2009— que impulsou o Partido Popular no Estado e acatou en Galiza, desde logo, traería beneficios para Galiza. Para empezar, porque é que hai que ir aos propios datos da débeda. É que é surrealista que sendo a terceira consellería —por así dicilo— do Goberno galego, a máis alta, a terceira partida máis alta, iso si que é histórico, señor Corgos. Home, é que o último aumento da débeda dos informes trimestrais do Banco de España, que estamos nunha cifra —collendo o seu argumentario— cada débeda si que é histórica, porque o seu orzamento é histórica, a da débeda xa non digamos porque o último aumento foi de 686 millóns de euros, cando o orzamento só aumenta a 344. Por lo tanto, esta é unha cuestión que nós seguiremos traendo a debate, xa non sigo por aí porque senón non falo doutra cousa.

E falaba vostede, señor Corgos, por exemplo, de que triplicar o orzamento de vivenda non é facer o de sempre; non facer o de sempre sería executalo, porque hai un cambio de óptica, efectivamente, apostando polos investimentos cando antes non se facía así, pero a cuestión é se despois iso se vai executar. E a cuestión é toda esa parafernalia que acompaña na Lei de acompañamento e que realmente non supón un cambio de paradigma. Porque as bonificacións fiscais que vostedes meten nese ámbito vai

beneficiar a quen merque vivenda e a poña en alugueiro só para quen adquira, por exemplo, o inmoble completo; ou, por exemplo, todo o que teñen vostedes respecto da cualificación de permanente só para vivenda de protección pública, que vai permitir que quen faga unha vivenda protexida en aluguer reciba as subvencións de ata o 50 % do custo de construción e en 15 anos se descualifique e se poida poñer en valor de mercado.

E tamén tampouco canto aos orzamentos, porque teñan unha historia. E, claro, aquí argumenta a voceira do Partido Popular que, claro, que os orzamentos, que tal, que non sei que. O que é impepinable son os resultados da execución orzamentaria e eu puxen ademais exemplos de amplos habanos temporais, o exemplo de orzamento de vivenda. Señora voceira do Partido Popular, deixaron sen executar 124 millóns entre 2019 e 2023, non falei do 23, 2019-2023.

Ou, por exemplo, podemos falar de todo o tema do ámbito da innovación e da investigación; si, queda moi pomposo, moi bonito nos orzamentos. Pero, primeiro, se imos ás partidas concretas, hai ámbitos que baixan inexplicablemente: Plan galego de investimento, o investimento neste ámbito en sanidade ou o ensino, etcétera, que desde logo non compartimos. Pero é que xa, se imos aos últimos anos, como non lle gusta poñer a comparación desde 2019 para ter un ano prepandemia e un ciclo económico amplo, voulle poñer o exemplo desde 2009. Nos últimos 15 anos deixaron sen executar máis de 200 millóns de euros, o 30 % dos recursos orzados en materia de innovación. Polo tanto, home, en fin, é bastante axustado á realidade dicir que os orzamentos din unha cousa e a realidade é outra.

Polo tanto, este presunto orzamento renovado pois nós non lle damos credibilidade e tampouco damos sustento ás novidades fiscais que incorpora, que entendemos que son unha mala noticia e que moitas ademais están acompañadas dunha publicidade irreal. Poño o exemplo, o canon eólico que o Diario Oficial de Galicia do Partido Popular nos di que vai pasar a gravar por potencia, demanda histórica do BNG que votaron sempre en contra. Pero a Lei de acompañamento o que nos di é que nuns meses van remitir algo ao Parlamento, non mencionan na Lei de acompañamento que concepto se vai gravar, non aparece a palabra potencia; e temos que confiar que van cumprir ese prazo cando realmente se algo tería sentido tratar nesta lei e sería unha modificación dun imposto.

En todo caso, estes orzamentos —e conclúo con esta cuestión—, baixo o noso punto de vista, non dan respostas ás necesidades que ten Galiza neste contexto histórico. E ao longo deste longo e intenso período de debate nesta Comisión desgranaremos as diferentes cuestións para deixalo claro, e para deixar claro sobre todo o máis importante, e é que que en fronte hai unha alternativa e que temos propostas en positivo para conseguir que Galiza neste momento saia cara a adiante.

Nada máis e moitas grazas.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señora Presas.

É agora a quenda da portavoz, da voceira do Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz.

A **señora Sanz Arias (P)**: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, señorías da oposición, vou falar un pouco do modelo fiscal da Xunta de Galicia. E a verdade é que entendo que non lles guste, pero afortunadamente a unha inmensa maioría de galegos si lles gusta e así o amosan cada vez que teñen oportunidade cos seus votos. Vostedes apostan por un modelo diferente e miren que titular tan ilustrativo moi recente deste mes de outubro: «Los 81 hachazos fiscales del Gobierno de Pedro Sánchez», 81. E parece que aínda non lle sega xa que, segundo o mesmo artigo, o Executivo central prevé outra subida de impostos coa que prevé recadar ata 60.000 millóns de euros adicionais.

É certo, nós non compartimos ese modelo impositivo, señor Corgos, nós o que compartimos é o modelo que hoxe debullou na súa intervención, baseado na consolidación das rebaixas fiscais das últimas lexislaturas e introducindo importantes novidades. A consolidación, por exemplo, das catro rebaixas do IRPF, que permite que os galegos —especialmente os das rendas máis baixas e as familias con dous ou máis fillos— aforren da súa renda, que se estima que o aforro medio do que se paga na renda desde o 2009 á renda que se paga na actualidade é de 476 euros para cada galego, que seguro que lle veñen moi ben.

Neste proxecto de orzamentos introduce importantes novidades, por exemplo, no imposto sobre sucesións. Como que os primeiros 25.000 euros que se herden entre parentes —o terceiro grao, como dixo— deixen de tributar. Señorías da oposición, deixen a demagoxia, apoiar a quen herde menos de 25.000 euros ¿parécelles apoiar os ricos? Ou as novas bonificacións dos impostos relacionadas coa adquisición de vivenda, co obxectivo de facilitar que se incremente a oferta de vivenda en aluguer. ¿Tamén parécelles mal que se incentive o aluguer de vivendas? É que nada lles vale. Pode ser que non se molesten en ler a letra pequena ou que o agochen para que non lles estropee o titular, pero o que se bonifica é o 75 % dos actos xurídicos documentados para pór no mercado vivendas en aluguer durante un período mínimo de 10 anos, que non se arrenden a pacientes e que sexan contratos de longa duración. Ou medidas como a redución do ITP, ata o 3 % para comprar vivenda usada por parte de colectivos vulnerables. Estamos falando de mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, menores de 36 anos ou familias numerosas. ¿Tampouco lles gusta que se apoie a estes colectivos?

Ben, en calquera caso, a nós si que nos gusta ese modelo e contará con todo o noso apoio nesas novidades fiscais que se introduciu no sistema galego.

En calquera caso, outro dos mantras, a débeda —que xa se falou— pero por repasar —explicouno, conselleiro, pero voullo repetir—, os orzamentos do 25 están enmarcados no retorno ás regras fiscais, onde a sustentabilidade das finanzas públicas —como saben— o nivel de endebedamento e cero, porque ten que ser así; en calquera caso, ninguén dixo que non tivese que ser así. En calquera caso, a súa política responsable con respecto á débeda, señor Corgos, fixo posible —como xa dixo— que, segundo os últimos datos do Banco de España, Galicia, reducira a súa débeda ata o 15,7 % do PIB —a máis baixa desde o ano 2012— e 6 puntos inferior á media nacional. E que ademais aquí ten o galego —que é o de azul e o español que en vermello—, cada galego debemos 2.215 euros menos que a media nacional.

Ademais, é que están vostedes para dar titulares ou dar lecciónns respecto á débeda. Lembren, este artigo: «La deuda pública ha crecido 400.000 millones de euros desde que desde que Sánchez chegou á Moncloa» (A señora Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.) —perdón, señora Espinosa, é que se me fala, me despista—. En calquera caso, así que lecciónns de vostede as xustas.

Ben, un par de apuntes máis. Vostedes xogan con frecuencia a deflactar o importe do orzamento dicindo que non son os máis altos a Galicia porque deflactan, pero nunca oín que autorizasen o buraco que deixou o bipartito, que foi de 2.600 millóns de euros no ano 2009. Traian esa cantidade á actualidade, a ver que a cantidade tiñamos; xa que lles gusta mover os cartos dun lado para outro, pois movan cantidade tamén.

E repetir, porque coido que non estaba, falan execución porque collen as partidas de vivenda, as partidas limitadas. E si, evidentemente, nalgún programa a execución é baixa, pero o que hai que mirar é a execución global da Xunta de Galicia. E repito unha vez máis e non me cansarei de facelo, o que importa da conta xeral que se aproba, e a execución da conta xeral a última aprobada que era a do ano 21, acada unha execución global da Xunta de Galicia do 95 %. Quédense con este dato porque é o real.

E outro tema, señora Presas, porque xa houbo outro día en Pleno unha pregunta ao presidente. Imos ver, non enganen. O que se acordou neste Parlamento por unanimidade foi a negociación do sistema que tiña que ser multilateral e non bilateral. E que se se eliminaba débeda aos que foron á FLA das comunidades... (A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.) —déixeme acabar, por favor, señora Presas, grazas— e se se eliminada a débeda ás comunidades que foron á FLA, que non se discriminará ás comunidades que non fomos á FLA.

Ben —remato xa—, señor Corgos, Galicia, vai aprobar os orzamentos máis altos da historia, 13.954 millóns de euros, cun crecemento do 2,6 %, sen novo endebedamento. Galicia aprobará umhas contas con máis gasto social —mal que lles pese—, con impulso á construción da vivenda pública. E aquí permítanme unha paréntese porque nada lles vale, triplícanse os orzamentos e nada lles vale; entón ¿cal é o seu modelo? O do PSOE non teño aquí... —xa teño bastante material— non trouxen os esqueletos as vivendas do Sareb, que ese é o seu modelo de vivenda. Ou tamén podemos ter o modelo

de vivenda do BNG no Concello de Santiago, coa alcaldesa nacionalista, que leva 15 meses, 16 e 17, ¿e que fixo en vivenda? Nada de nada, de nada. Dixo que ía crear unha empresa pública de vivenda —preparala—, só dixo iso. Nada de nada. Ese é o seu modelo: esqueletos ou nada. Pois nós temos un modelo que triplica orzamento este ano, e que promete duplicar —e Rueda cómpre a súa palabra— as vivendas de promoción pública nesta lexislatura ata 8.000 vivendas.

Ben, sigo co orzamento e xa remato. Menos impostos, capacidade de xerar aforro bruto moi importante, de 1.783 millóns euros, variable esencial para garantir unha política de investimentos estable. Cun investimento que se incrementa nun 5 % e nun Goberno que nunca investiu tanto en investimento, como apuntou o señor Corgos. E, por último, con maior apoio aos concellos —que non se falou hoxe nada de concellos— que acadará en 2025 o importe de 626 millóns de euros, a cantidade máis elevada da ... histórica.

Señor Corgos, este orzamento é unha ferramenta que transforma promesas en realidades e que asegura que cada recurso público, cada euro que sae dos petos das galegas e dos galegos vaise investir no seu benestar social e no desenvolvemento económico de Galicia. Por todas esta razóns, reciba a máis sincera noraboa e teñan por seguro que contarán co apoio do grupo parlamentario na tramitación que se inicia a partir de hoxe.

Moitas grazas.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Muchísimas gracias, señora Sánchez.

Ten agora, señor conselleiro, cinco minutos para responder aos diferentes portavoces e xa pa dar por rematada a súa comparecencia.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública (señor López-Prado): Gracias, presidente.

Bueno, reafirmarme un pouco en que estes orzamentos —no meu humilde criterio— si que recollen a resposta aos retos que ten Galicia por diante e que precisa non só para o vindeiro ano, senón quizais para a vindeira lexislatura.

En primeiro lugar, loitar contra a incerteza e achegar certezas a familias e a empresas con alivios fiscais para a maior parte dos galegos, en especial, os de rendas medias e baixas.

En segundo lugar, aumentar o investimento, que é o gran problema que temos hoxe no noso modelo de crecemento. Ser quen de arrastrar o investimento público ao investimento privado, e non o dixen antes porque se puxo en cuestión tamén, Galicia é sistematicamente a comunidade autónoma que realiza un maior esforzo investidor. Nos últimos orzamentos pechados realizou un gasto de capital executou, pasou a 2.081.000 euros, un 16,9 % do total do gasto non financeiro dos orzamentos. É a segunda

comunidade que é máis esforzo investidor fixo por diante da primeira, que investiu 1.900.000 euros.

Por tanto, non se pode poñer en dúbida o noso esforzo investidor, e seguiremos a aumentalo, incrementando todas as partidas de investimento pero en especial as de vivenda, en especial as de obra civil, e en especial os investimentos sanitarios. Con eses case 30 millóns de euros para o Plan director de Ourense, ou eses 2,6 millóns de euros para o CIS de Ourense, e tamén o resto de investimentos que se fagan ao longo de toda a xeografía galega. Por tanto, 184 millóns de euros só en desenvolvemento do Plan de investimento sanitario, que redundarán nunha maior calidade asistencial a todos os galegos.

E, por último e non menos importante, blindando o gasto social, ao que dedicaremos case 10.300 millóns de euros, a cifra máis alta da historia —e isto teño que dicilo, señorías—.

E falouse doutras moitas cousas pero, bueno, unha que me resulta curioso é que se nos achaque pouco esforzo en gasto en I+D+i. Pois nós dedicamos a gasto a I+D+i nestes orzamentos 339 millóns de euros, fronte aos 129 dos orzamentos de 2008; que se os deflactamos serían 154 millóns de euros, máis do dobre. Este é o índice de esforzo entre os dous gobernos e a súa aposta polo crecemento baseado no coñecemento.

Para finalizar, gustaríame agradecer ás intervencións diferentes voceiros. Non vou falar máis de financiamento nin de débeda, porque iso requiriría un monográfico, pero tamén a min me gustaría —xa que fixo alusión a Cataluña— que o Bloque Nacionalista Galego fose de verdade galego e non fose o Bloque Nacionalista catalán, porque co modelo de condonación da débeda que vostedes defenden, a débeda dos galegos aumentaría en 496 euros por galego, e a dos cataláns reduciríase en 821 euros por catalán. (Murmurios.) Polo tanto, pídolles de verdade que exerzan de Bloque Nacionalista Galego. Porque sempre considero que é bo intercambiar puntos de vista, sen dúbida, pero baseados nos datos e na verdade, para contribuír á mellorar de toma de decisións para acertar nas solucións das demandas dos galegos e das galegas.

Estes son os primeiros orzamentos dunha nova lexislatura, con novas necesidades, con novos retos, pero cun primeiro obxectivo do Goberno galego que mantemos presente: achegar certezas, achegar estabilidade, e todo iso con sentidiño. Dicímolo moitas veces pero é unha fortaleza de Galicia que hai que pór en valor unha e outra vez. Para o vindeiro ano 25, contamos de novo con máis recursos ca nunca, pero con prudencia porque nos estamos preparando para o remate dos fondos extraordinarios post pandemia —como se indicou neste debate—, fortalecendo as contas con recursos propios e sen depender do endebedamento. Porque os orzamentos que hoxe presentamos non están deseñados tan só para o vindeiro ano —aínda que, por suposto, tentan cumprir as necesidades máis inmediatas—, senón que tamén están deseñados para ir sentando as bases do futuro de todos os galegos e galegas. E, de xeito especial, para ir da man das

nosas mozas e mozos no seu camiño no ensino, no mercado laboral e no acceso a unha vivenda, a gran prioridade da lexislatura para blindar a súa independencia.

E con estas contas tamén comezamos a cumprir coa achega de recursos para os compromisos que acadamos cos galegos hai agora oito meses. No Goberno galego temos un modelo orzamentario que consideramos que está a funcionar e que cada ano en cada orzamento tentamos mellorar co único obxectivo de acertar.

Estou convencido de que, á marxe das lóxicas diferenzas entre os grupos parlamentarios, no fundamental, nas prioridades, podemos coincidir substancialmente e chegar a consensos. Porque os orzamentos para o vindeiro exercicio buscan seguir a crecer de xeito sostido, seguir a crear emprego e baixando a taxa de desemprego; reforzar e modernizar os servizos públicos con máis de 10.000 millóns de euros por primeira vez para a sanidade pública, educación, políticas sociais públicas e emprego; pagar menos impostos por mercar unha vivenda ou por aceptar unha herdanza e sentar as bases do futuro, en especial, para a mocidade. E todo isto —como dicía— sen novo endebedamento por segunda vez consecutiva.

Señorías, remato xa desexándolles un bo traballo na tramitación parlamentaria destes orzamentos.

Moitas grazas a todos.

O vicepresidente da Comisión (en funcións de presidente) (señor Trenor López): Moitísimas grazas, señor Corgos, conselleiro de Facenda e Administracións Públicas.

Grazas tamén aos voceiros por colaborar co bo funcionamento desta esta sesión.

E xa, sen máis, suspendemos a sesión ata as doce e media, na que está prevista a comparecencia do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás 12.00 horas.